Asinado dixitalmente por:
REXISTRO ELECTRÓNICO
Data: 17/09/2021 12:29:24
Razón: Rexistro electrónico
Localización: Parlamento de Galicia

PARLAMENTO DE GALICIA

# BOLETÍN OFICIAL DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

XI lexislatura
Número 200
17 de setembro de 2021

CSV: BOPGDSPGcUMTSdwTO7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

# SUMARIO

## 1. Procedementos parlamentarios

### 1.1. Procedementos de natureza normativa
### 1.1.2. Propostas de normas
### 1.1.2.1. Proxectos e proposicións de lei
### 1.1.2.1.6. Proposicións de lei para presentar perante o Congreso dos Deputados

**Rexeitamento da toma en consideración**

**17257 (11/PPLC-000003)**
**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**
Proposición de lei, para presentar perante o Congreso dos Deputados, para garantir que o papel de Galicia como produtora de enerxía eléctrica reverta no seu desenvolvemento social e económico 76371

### 1.3. Procedementos de control e impulso
### 1.3.5. Mocións
### 1.3.5.4. Mocións tramitadas

**Rexeitamento da iniciativa**

**18710 (11/MOC-000055)**
**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**
**Díaz Varela, Noa Susana**
Sobre a política do Goberno galego respecto das candidaturas do patrimonio que opten a recoñecementos internacionais (Moción consecuencia da Interpelación doc. núm. 17114, publicada no BOPG núm. 168, do 9.07.2021, e debatida na sesión plenaria do 13.07.2021) 76371

**20839 (11/MOC-000056)**
**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**
**Queixas Zas, Mercedes**
Sobre as xestións que debe realizar a Xunta de Galicia en relación coa presentación da candidatura da Ribeira Sacra a patrimonio da humanidade pola Unesco (Moción consecuencia da Interpelación nº 16936, publicada no BOPG nº 155, do 16.06.2021, e debatida na sesión plenaria do 13.07.2021) 76371

**20851 (11/MOC-000057)**
**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**
**Bará Torres, Xosé Luís**
Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coa reactivación ambiental e produtiva da ría de Pontevedra e a potenciación do sector forestal galego (Moción consecuencia da Interpelación nº 14795, publicada no BOPG nº 130, do 28.04.2021, e debatida na sesión plenaria do 13.07.2021) 76372

CSV: BOPGDSPGcUMTsdwTO7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

## 1.3.6. Proposicións non de lei
## 1.3.6.1. Proposicións non de lei en Pleno
## 1.3.6.1.4. Proposicións tramitadas

### Aprobación sen modificacións

**17946 (11/PNP-001762)**
**Grupo Parlamentario Popular de Galicia**
**Amigo Díaz, María Encarnación e seis deputados/as máis**
Sobre a demanda da Xunta de Galicia ao Goberno central dunha proba extraordinaria de acceso de médicos internos residentes e a habilitación dos centros de saúde e dos especialistas en medicina familiar e comunitaria para impartir a súa formación 76372

### Aprobación con modificacións

**20428 (11/PNP-001852)**
**Grupo Parlamentario Popular de Galicia**
**Tellado Filgueira, Miguel Ángel e seis deputados/as máis**
Sobre as actuacións que debe facer a Xunta de Galicia ante o Goberno central para abaratar a factura eléctrica 76372

### Aprobación por unanimidade con modificacións

**13760 (11/PNP-001353)**
**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**
**Ortega Otero, Marina e Torrado Quintela, Julio**
Sobre a actuación que debe levar a cabo a Consellería de Política Social en relación co traballo e composición do Comité Asesor Sociosanitario, así como coa participación nel do resto das forzas políticas con representación no Parlamento de Galicia 76374

### Rexeitamento da iniciativa

**20449 (11/PNP-001856)**
**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**
**Francisco Rivera, Juan Carlos e Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña**
Sobre as medidas que debe adoptar a Xunta de Galicia para evitar o pechamento de oficinas bancarias e garantir o dereito aos servizos básicos de carácter financeiro 76374

**20544 (11/PNP-001866)**
**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**
**Presas Bergantiños, Noa e dous deputados/as máis**
Sobre as medidas que debe adoptar a Xunta de Galicia para regular o sector bancario 76374

**20701 (11/PNP-001884)**
**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**
**Pontón Mondelo, Ana e dezaoito deputados/as máis**
Sobre a proposta de nomes das salas do edificio do Parlamento de Galicia 76374

CSV: BOPGDSPGcUMTsdwTO7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

## 1.3.6.2. Proposicións non de lei en Comisión

### 1.3.6.2.4. Proposicións tramitadas

**Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego**

### Aprobación con modificacións

**17246 (11/PNC-001755)**
**Grupo Parlamentario Popular de Galicia**
**Pazos Couñago, José Alberto e seis deputados/as máis**
Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para incrementar a achega autonómica para o servizo de axuda no fogar e reclamar ao Goberno central un aumento do financiamento á dependencia 76375

### Aprobación por unanimidade con modificacións

**14256 (11/PNC-001453)**
**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**
**Prado Cores, María Montserrat e Rodil Fernández, Olalla**
Sobre a demanda polo Goberno galego ao Goberno central da cesión do edificio que viña ocupando o antigo centro de saúde da Estrada para a posta en marcha dun centro de día 76375

**17598 (11/PNC-001802)**
**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**
**Rodil Fernández, Olalla e dous deputados/as máis**
Sobre os permisos de maternidade e paternidade nas familias monoparentais e as medidas que debe impulsar a Xunta de Galicia ao respecto 76376

**20172 (11/PNC-001920)**
**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**
**Otero Lago, Noelia e dous deputados/as máis**
Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para acoller a poboación afgá, especialmente feminina, que precisa fuxir da represión dos talibáns 76376

### Aprobación por unanimidade sen modificacións

**17248 (11/PNC-001756)**
**Grupo Parlamentario Popular de Galicia**
**Pazos Couñago, José Alberto e seis deputados/as máis**
Sobre a dación de conta por parte da Xunta de Galicia do informe sobre o diagnóstico das residencias de maiores que elabora o Comité Asesor Sociosanitario 76377

### Rexeitamento da iniciativa

**17683 (11/PNC-001811)**
**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**
**Ortega Otero, Marina e Torrado Quintela, Julio**

CSV: BOPGDSPGcUMTsdwTO7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para axilizar a posta en funcionamento da escola infantil de Ribadavia 76377

**Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo**

### Aprobación por unanimidade con modificacións

**17846 (11/PNC-001825)**
**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**
**Fernández Alfonzo, Ramón e dous deputados/as máis**
Sobre a situación da mina As Viñas, na parroquia da Toca, no concello das Somozas 76378

### Rexeitamento da iniciativa

**12703 (11/PNC-001294)**
**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**
**Seco García, Martín e dous deputados/as máis**
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co proxecto eólico promovido pola empresa Green Capital Power en Troitomil, no concellos da Baña e Negreira, e a implantación dun novo modelo eólico para Galicia 76378

## 1.4. Procedementos de información
### 1.4.5. Respostas a preguntas

**21301 - 15856 (11/PRE-003608)**
**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**
**Torrado Quintela, Julio e Otero Rodríguez, Patricia**
Sobre as actuacións do Goberno galego respecto dos avances que se fixeron no proceso de reversión da titularidade dos terreos portuarios non utilizados para fins marítimo-pesqueiros ao dominio municipal 76389

**20975 - 15976 (11/PRE-003620)**
**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**
**Castro Rey, Paloma e 3 máis**
Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto do Grupo de Emerxencias Supramunicipal de Sanxenxo 76391

**21298 - 16278 (11/PRE-003658)**
**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**
**Torrado Quintela, Julio e Otero Rodríguez, Patricia**
Sobre a posición da Xunta de Galicia respecto da empresa conserveira Thenaisie Provote 76394

**21413 - 16352 (11/PRE-003664)**
**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**
**Pérez Fernández, Rosana e 2 máis**

CSV: BOPGDSPGcUMTsdwTO7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Sobre as actuacións levadas a cabo pola Xunta de Galicia en relación coa solicitude ao Goberno central da retirada do recurso interposto contra a orde que aproba o Plan xeral de explotación marisqueira para o trienio 2021-2023 e a activación da Comisión de Transferencias para iniciar o procedemento do traspaso de competencias sobre a xestión do dominio público marítimo-terrestre, a ordenación do sector pesqueiro e a investigación oceanográfica 76396

**21294 - 16360 (11/PRE-003665)**
**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**
**Torrado Quintela, Julio e Otero Rodríguez, Patricia**
Sobre as actuacións realizadas pola Xunta de Galicia respecto da tramitación do Plan xeral de explotación marisqueira 2021-2023 76398

**21410 - 16445 (11/PRE-003678)**
**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**
**Pérez Fernández, Rosana e 2 máis**
Sobre a valoración da Xunta de Galicia, así como as medidas previstas, en relación coa previsible eliminación das exencións fiscais aos combustibles e a súa repercusión no sector pesqueiro 76400

**21408 - 16467 (11/PRE-003679)**
**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**
**Pérez Fernández, Rosana e 2 máis**
Sobre o estado da execución por parte da Consellería do Mar das axudas pola paralizacion da actividade do marisqueo a pé como consecuencia do gromo de covid-19 76402

**21025 - 16540 (11/PRE-003690)**
**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**
**Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e 3 máis**
Sobre as previsións da Xunta de Galicia de comunicarlle ao Goberno do Estado a necesidade de dotar Viveiro cun novo xulgado de primeira instancia e instrución e a de ampliar o cadro de persoal 76404

**21120 - 16618 (11/PRE-003697)**
**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**
**Castro Rey, Paloma e 4 máis**
Sobre a creación de salas Gesell nas sedes xudiciais das principais cidades de Galicia 76407

**21293 - 17078 (11/PRE-003745)**
**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**
**Otero Rodríguez, Patricia e Torrado Quintela, Julio**
Sobre as xestións realizadas polo Goberno galego ante a Organización Mundial do Consumo respecto da retirada de certas formas de subvención á pesca 76410

**21405 - 17533 (11/PRE-003805)**
**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**
**Prado Cores, María Montserrat e 3 máis**
Sobre as actuacións da Xunta de Galicia para salvar os proxectos e postos de traballo da conserveira Thenaisie Provoté, do Grove 76412

CSV: BOPGDSPGcUMTsdwTO7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**20906 - 17779 (11/PRE-003824)**
**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**
**Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis**
Sobre a colaboración entre a Xunta e a Mancomunidade Serra da Barbanza para a mellora e o impulso do sistema de xestión de residuos municipais 76414

**20905 - 18688 (11/PRE-003859)**
**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**
**Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e Francisco Rivera, Juan Carlos**
Sobre os criterios empregados pola entidade Augas de Galicia para establecer convenios de colaboración con determinados concellos galegos e a valoración do Goberno galego sobre os obxectivos acadados 76416

**20921 - 18694 (11/PRE-003860)**
**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**
**Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 2 máis**
Sobre a valoración do Goberno galego respecto dos convenios de colaboración asinados pola Axencia Galega de Infraestruturas con determinados concellos nos últimos anos 76418

**21184 - 7070 (11/PRE-003895)**
**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**
**Álvarez Martínez, Luis Manuel e Díaz Varela, Noa Susana**
Sobre a valoración que fai o Goberno galego dos resultados acadados logo de se rematar a vixencia do I Plan de actuacións para a igualdade nos centros educativos de Galicia 76420

**20920 - 7111 (11/PRE-003918)**
**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**
**Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 2 máis**
Sobre o balance que fai a Xunta de Galicia do Plan estratéxico 2015-2020 sobre o obxectivo transversal 3: Dinamización demográfica 76422

**20982 - 7304 (11/PRE-003982)**
**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**
**Torrado Quintela, Julio e 2 máis**
Sobre a titularidade dos terreos portuarios sen uso para actividade portuaria e que teñen clara natureza urbana 76426

**20981 - 7314 (11/PRE-003987)**
**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**
**Torrado Quintela, Julio e Ortega Otero, Marina**
Sobre a optimización da produción da zona para o libre marisqueo dos Lombos do Ulla por parte da Xunta de Galicia 76428

**21324 - 7354 (11/PRE-004008)**
**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**
**Presas Bergantiños, Noa e 4 máis**

CSV: BOPGDSPGcUMTsdwTO7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Sobre a xestión exclusivamente pública e directa do Centro de Atención a Persoas con Discapacidade de Ourense 76430

**21361 - 7512 (11/PRE-004037)**
**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**
**Ortega Otero, Marina e Torrado Quintela, Julio**
Sobre cales son as liñas de cambio en canto ao novo modelo de atención residencial por parte da Xunta de Galicia 76432

**21084 - 7576 (11/PRE-004042)**
**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**
**Díaz Varela, Noa Susana e Álvarez Martínez, Luis Manuel**
Sobre a convocatoria de contratos predoutorais e posdoutorais correspondentes a 2021 76435

**21104 - 7610 (11/PRE-004045)**
**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**
**Díaz Varela, Noa Susana e Álvarez Martínez, Luis Manuel**
Sobre as accións desenvolvidas no Plan de reactivación do sector cultural fronte á crise da covid-19 76437

**21002 - 7919 (11/PRE-004108)**
**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**
**Otero Rodríguez, Patricia e Torrado Quintela, Julio**
Sobre a información que posúe o Goberno galego sobre a situación do polbo en Galicia 76439

**20919 - 7922 (11/PRE-004111)**
**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**
**Otero Rodríguez, Patricia e 3 máis**
Sobre as medidas que adoptou o Goberno galego para atallar o gromo da covid-19 na residencia Asilo de Vilalba dende que se detectaron os primeiros casos 76441

**21352 - 8260 (11/PRE-004182)**
**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**
**Ortega Otero, Marina e Torrado Quintela, Julio**
Sobre as previsións do Goberno galego respecto da elaboración dun protocolo de evacuación de todas as persoas positivas en covid-19 residentes nos centros de atención residencial para evitar a propagación do virus 76445

**21349 - 8509 (11/PRE-004202)**
**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**
**Rodil Fernández, Olalla e 2 máis**
Sobre as medidas previstas polo Goberno galego para garantir a atención das persoas dependentes ao cargo de familias monoparentais na actual situación de pandemia 76449

**21000 - 8591 (11/PRE-004211)**
**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**
**Arangüena Fernández, Pablo e 2 máis**

CSV: BOPGDSPGcUMTsdwTO7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Sobre o mecanismo de compensación económica establecido ou previsto polo Goberno galego para as mariscadoras e os mariscadores da ría da Coruña afectados pola suspensión da súa actividade durante a execución dos traballos de rexeneración 76453

**20977 - 8613 (11/PRE-004213)**
**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**
**Castro Rey, Paloma e 2 máis**
Sobre a opinión do Goberno galego respecto das condicións que reúnen as dependencias do Xulgado vello da Parda, en Pontevedra, para as vítimas de violencia de xénero 76456

**21309 - 8646 (11/PRE-004217)**
**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**
**Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis**
Sobre as actuacións previstas polo Goberno galego tendentes a dar cumprimento ao convenio do ano 2009 para a mellora dos accesos e da vía dos portos do Covelo e Raxó 76459

**20917 - 8677 (11/PRE-004219)**
**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**
**Díaz Varela, Noa Susana e 2 máis**
Sobre a valoración polo Goberno galego da necesidade de apertura dun centro de día ou espazo similar no concello de Touro 76461

**20916 - 8895 (11/PRE-004253)**
**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**
**Francisco Rivera, Juan Carlos e 2 máis**
Sobre as medidas previstas polo Goberno galego para garantir o acceso da cidadanía á xustiza, ante a parálise absoluta dos xulgados de Verín, a consecuencia da detección de casos de covid-19 76464

**21049 - 8903 (11/PRE-004254)**
**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**
**Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e 2 máis**
Sobre as xestións ou propostas realizadas polo Goberno galego para a ampliación da planta xudicial de Ourense co fin de diminuír a taxa de conxestión e os prazos de resolución dos procedementos en materia de familia 76467

**21318 - 8910 (11/PRE-004260)**
**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**
**Pérez Fernández, Rosana e 3 máis**
Sobre as actuacións levadas a cabo ou previstas pola Xunta de Galicia para garantir as necesarias compensacións económicas ao sector marisqueiro e á Confraría da Coruña durante a execución das obras de dragaxe da ría do Burgo 76470

**21370 - 8917 (11/PRE-004262)**
**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**
**Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e Francisco Rivera, Juan Carlos**

CSV: BOPGDSPGcUMTsdwTO7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto da elaboración dun plan de actuación contra a pobreza e a exclusión social para reverter a situación dos fogares galegos 76472

**21223 - 8942 (11/PRE-004265)**
**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**
**Pontón Mondelo, Ana e 18 máis**
Sobre a data prevista polo Goberno galego para a vacinación fronte á covid-19 das traballadoras e persoas usuarias do servizo de axuda no fogar 76475

**21317 - 8970 (11/PRE-004271)**
**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**
**Pérez Fernández, Rosana e 3 máis**
Sobre a postura do Goberno galego respecto do establecemento dun acordo con todas as administracións implicadas no proxecto de dragaxe ambiental da ría do Burgo e coa confraría de pescadores da Coruña para garantirlles as necesarias compensacións económicas ás persoas afectadas pola suspensión da actividade extractiva e posibilitar a súa continuidade ao remate das obras 76477

**21131 - 9073 (11/PRE-004303)**
**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**
**Díaz Varela, Noa Susana e Álvarez Martínez, Luis Manuel**
Sobre as previsións da Secretaría Xeral de Universidades para a difusión dos criterios referidos aos novos títulos de doutoramento das universidades públicas galegas 76479

**21102 - 9289 (11/PRE-004374)**
**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**
**Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e Bará Torres, Xosé Luís**
Sobre as actuacións do Goberno galego en relación coa elaboración e aprobación inicial da relación de postos de traballo do persoal ao servizo da Administración de xustiza en Galicia 76481

**21222 - 9378 (11/PRE-004387)**
**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**
**Rodil Fernández, Olalla e 2 máis**
Sobre o prazo previsto pola Xunta de Galicia para a aprobación do decreto de creación do Consello Galego de Participación Infantil e Adolescente 76483

**21316 - 9428 (11/PRE-004394)**
**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**
**Ríos Santomé, Paulo e 3 máis**
Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto da restitución do carácter público do servizo de transporte marítimo de viaxeiros na ría de Vigo 76486

**21315 - 9470 (11/PRE-004399)**
**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**
**Pérez Fernández, Rosana e 2 máis**

CSV: BOPGDSPGcUMTsdwTO7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Sobre as actuacións que vai levar a cabo o Goberno galego para evitar os conflitos que se veñen producindo entre mexilloeiros e percebeiros por mor da extracción da semente do mexillón en bancos naturais 76488

**21127 - 9667 (11/PRE-004413)**
**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**
**Díaz Varela, Noa Susana e Álvarez Martínez, Luis Manuel**
Sobre as razóns do Goberno galego para investir 1,5 millóns de euros na serie *3 Caminos*, sen exixir a súa dobraxe á lingua galega 76490

**21082 - 9873 (11/PRE-004447)**
**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**
**Queixas Zas, Mercedes e 2 máis**
Sobre o nomeamento do posto de dirección e o impulso ao proxecto do Centro Galego das Artes da Imaxe 76492

**21314 - 9890 (11/PRE-004450)**
**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**
**Pérez Fernández, Rosana e 2 máis**
Sobre a consideración pola Xunta de Galicia de que os fondos europeos Next Generation sirvan para potenciar os sectores produtivos do noso país e nomeadamente o sector do mar 76494

**21275 - 9972 (11/PRE-004453)**
**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**
**Álvarez Martínez, Luis Manuel e Otero Rodríguez, Patricia**
Sobre a valoración pola Xunta de Galicia do desenvolvemento do Plan galego de rehabilitación, alugueiro e mellora do acceso á vivenda 2015 2020, coñecido como Plan RehaVIta 76496

**20999 - 9978 (11/PRE-004454)**
**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**
**Castro Rey, Paloma e Arangüena Fernández, Pablo**
Sobre a elaboración pola Xunta de Galicia, en coordinación cos diferentes colexios de avogados do territorio, dun protocolo de saúde e prevención de riscos laborais para que os letrados e as letradas da quenda de oficio poidan prestar a súa función en condicións seguras para a saúde 76498

**21081 - 10084 (11/PRE-004471)**
**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**
**Lourenzo Sobral, Manuel Antonio e 2 máis**
Sobre o plan de ensino virtual da Xunta de Galicia na terceira onda da pandemia 76501

**21386 - 10187 (11/PRE-004483)**
**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**
**Pérez Fernández, Rosana e 2 máis**
Sobre a actuación levada a cabo polo Goberno galego, a empresa responsable do buque e o Goberno central en relación coa situación da tripulación do arrastreiro galego *Venturer*, con base no porto de Vigo, afectada pola covid-19 e retida en Salvador de Bahía 76503

CSV: BOPGDSPGcUMTsdwTO7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**21272 - 10197 (11/PRE-004485)**
**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**
**Torrado Quintela, Julio e 3 máis**
Sobre a garantía por parte do Goberno galego da transparencia e da xustificación debida na execución de todas as actuacións e investimentos anunciados no campo municipal de fútbol de Moraña 76505

**21221 - 10308 (11/PRE-004489)**
**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**
**Fernández Gómez, Alexandra e 2 máis**
Sobre a avaliación que fai o Goberno galego dos resultados do desenvolvemento do Plan galego de rehabilitación, alugueiro e mellora do acceso á vivenda 2015-2020, ou Plan RehaVita 76507

**21220 - 10309 (11/PRE-004490)**
**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**
**Fernández Gómez, Alexandra e 2 máis**
Sobre a valoración que fai o Goberno galego do grao de execución real de cada un dos eixos de actuación reflectidos no Plan galego de rehabilitación, alugueiro e mellora do acceso á vivenda 2015-2020, ou Plan RehaVita 76509

**21219 - 10310 (11/PRE-004491)**
**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**
**Fernández Gómez, Alexandra e 2 máis**
Sobre as intencións do Goberno galego referidas á elaboración dalgún documento de avaliación e de rendición de contas respecto do desenvolvemento do Plan galego de rehabilitación, alugueiro e mellora do acceso á vivenda 2015-2020, ou Plan RehaVita 76511

**20914 - 10323 (11/PRE-004493)**
**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**
**Díaz Varela, Noa Susana e 2 máis**
Sobre a valoración que fai o Goberno galego da carencia dunha residencia para persoas maiores na comarca do Sar 76513

**21126 - 10339 (11/PRE-004495)**
**Grupo Parlamentario Popular de Galicia**
**Rodeiro Tato, Ovidio e 6 máis**
Sobre as liñas básicas que deben seguir os profesionais de atención á diversidade que están a prestar apoio nos centros escolares 76515

**21393 - 10350 (11/PRE-004496)**
**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**
**Pérez Fernández, Rosana e 2 máis**
Sobre as actuacións previstas polo Goberno galego para afrontar a mortaldade de mariscos e a previsible perda de ingresos do sector marisqueiro a consecuencia do exceso de auga doce nas rías de Arousa e Pontevedra despois dos últimos temporais 76517

CSV: BOPGDSPGcUMTsdwTO7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**20998 - 10367 (11/PRE-004499)**
**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**
**Gallego Sanromán, María Leticia e 2 máis**
Sobre as previsións da Consellería do Mar respecto da construción, no primeiro semestre de 2021, da vía de acceso sur ao porto da Guarda 76519

**21362 - 10636 (11/PRE-004516)**
**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**
**Ortega Otero, Marina e Torrado Quintela, Julio**
Sobre o número de expedientes afectados polo atraso nos pagamentos das libranzas de dependencia en cada provincia 76521

**21217 - 10758 (11/PRE-004523)**
**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**
**Fernández Alfonzo, Ramón e 2 máis**
Sobre as condicións de traballo do persoal na residencia DomusVi de Laraxe, na comarca de Ferrol 76524

**21458 - 10864 (11/PRE-004531)**
**Grupo Parlamentario Popular de Galicia**
**Egerique Mosquera, Teresa e 6 máis**
Sobre o orzamento destinado para o ano 2020 e o número de axudas concedidas ás persoas armadoras de buques pesqueiros conxeladores do censo unificado de palangre de superficie con porto base en Galicia para paliar as dificultades de comercialización ocasionadas como consecuencia da pandemia da covid-19 76527

**21457 - 10954 (11/PRE-004545)**
**Grupo Parlamentario Popular de Galicia**
**Egerique Mosquera, Teresa e 6 máis**
Sobre a contribución que supón o contido do "Atlas da frota de baixura do litoral de Galicia 2000-2018" 76529

**21456 - 10958 (11/PRE-004547)**
**Grupo Parlamentario Popular de Galicia**
**Egerique Mosquera, Teresa e 6 máis**
Sobre o orzamento destinado no ano 2021 ás axudas, aprobadas pola Consellería do Mar, para proxectos de desenvolvemento local participativo dirixidas aos grupos de acción local do sector pesqueiro para o desenvolvemento sustentable das zonas de pesca 76531

**21453 - 11322 (11/PRE-004585)**
**Grupo Parlamentario Popular de Galicia**
**Egerique Mosquera, Teresa e 6 máis**
Sobre as demandas formuladas polo Goberno galego na negociación das cotas definitivas de pesca para o ano 2021 en augas do Gran Sol 76533

**21450 - 11570 (11/PRE-004602)**
**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**
**Pérez Fernández, Rosana e 4 máis**

CSV: BOPGDSPGcUMTsdwTO7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Sobre as intencións do Goberno galego en relación co establecemento dos protocolos de vacinación contra a covid-19 aos traballadores do mar e de actuación nos casos de positivos en ruta 76535

**21448 - 11747 (11/PRE-004618)**
**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**
**Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis**
Sobre as previsións do Goberno galego para impulsar as mariñas tradicionais e facilitar o labor das asociacións que conforman a Federación Culturmar 76537

**21178 - 11771 (11/PRE-004621)**
**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**
**Bará Torres, Xosé Luís e Ríos Santomé, Paulo**
Sobre as previsións do Goberno galego respecto da licitación no ano 2021 do contrato de servizos para a elaboración dun estudo e dun anteproxecto de lei para a creación do ente ferroviario galego 76539

**20912 - 11916 (11/PRE-004635)**
**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**
**Pontón Mondelo, Ana e 18 máis**
Sobre a garantía pola Xunta de Galicia do bo estado das instalacións de Ence, en Lourizán, e da ausencia de riscos para as persoas e o ambiente 76541

**21447 - 12048 (11/PRE-004648)**
**Grupo Parlamentario Popular de Galicia**
**Egerique Mosquera, Teresa e 6 máis**
Sobre a opinión do Goberno galego respecto do Informe da Comisión de Pesca do Parlamento Europeo sobre o impacto na pesca do lixo mariño e sobre as emendas que se lle presentaron 76543

CSV: BOPGDSPGcUMTsdwTO7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

O Pleno do Parlamento, na sesión do 14 de setembro de 2021, adoptou os seguintes acordos:

# 1. Procedementos parlamentarios

## 1.1. Procedementos de natureza normativa

### 1.1.2. Propostas de normas

### 1.1.2.1. Proxectos e proposicións de lei

### 1.1.2.1.6. Proposicións de lei para presentar perante o Congreso dos Deputados

**Rexeitamento da toma en consideración**

- 17257 (11/PPLC-000003)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Proposición de lei, para presentar perante o Congreso dos Deputados, para garantir que o papel de Galicia como produtora de enerxía eléctrica reverta no seu desenvolvemento social e económico
BOPG nº 155, do 16.06.2021

Sometida a votación, obtense o resultado de 17 votos a favor, 53 votos en contra e ningunha abstención, polo que non se toma en consideración.

## 1.3. Procedementos de control e impulso

### 1.3.5. Mocións

### 1.3.5.4. Mocións tramitadas

**Rexeitamento da iniciativa**

- 18710 (11/MOC-000055)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Díaz Varela, Noa Susana
Sobre a política do Goberno galego respecto das candidaturas do patrimonio que opten a recoñecementos internacionais (Moción consecuencia da Interpelación doc. núm. 17114, publicada no BOPG núm. 168, do 9.07.2021, e debatida na sesión plenaria do 13.07.2021)
BOPG nº 173, do 26.07.2021

Sométese a votación e resulta rexeitada por 32 votos a favor, 39 votos en contra e ningunha abstención.

- 20839 (11/MOC-000056)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Queixas Zas, Mercedes
Sobre as xestións que debe realizar a Xunta de Galicia en relación coa presentación da candidatura da Ribeira Sacra a patrimonio da humanidade pola Unesco (Moción consecuencia da Interpelación nº 16936, publicada no BOPG nº 155, do 16.06.2021, e debatida na sesión plenaria do 13.07.2021)
BOPG nº 196, do 08.09.2021

Sométese a votación e resulta rexeitada por 32 votos a favor, 39 votos en contra e ningunha abstención.

CSV: BOPGDSPGcUMTsdwTO7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

- 20851 (11/MOC-000057)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Bará Torres, Xosé Luís
Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coa reactivación ambiental e produtiva da ría de Pontevedra e a potenciación do sector forestal galego (Moción consecuencia da Interpelación nº 14795, publicada no BOPG nº 130, do 28.04.2021, e debatida na sesión plenaria do 13.07.2021)
BOPG nº 196, do 08.09.2021

Sométese a votación e resulta rexeitada por 32 votos a favor, 39 votos en contra e ningunha abstención.

### 1.3.6. Proposicións non de lei
### 1.3.6.1. Proposicións non de lei en Pleno
### 1.3.6.1.4. Proposicións tramitadas

### Aprobación sen modificacións

- 17946 (11/PNP-001762)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Amigo Díaz, María Encarnación e seis deputados/as máis
Sobre a demanda da Xunta de Galicia ao Goberno central dunha proba extraordinaria de acceso de médicos internos residentes e a habilitación dos centros de saúde e dos especialistas en medicina familiar e comunitaria para impartir a súa formación
BOPG nº 169, do 13.07.2021

Sométese a votación e resulta aprobada, sen modificacións, por 38 votos a favor, 14 votos en contra e 18 abstencións.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno de España para solicitar:

1. Que se leve a cabo a convocatoria dunha proba de acceso MIR de forma extraordinaria.

2. Do mesmo xeito e tendo en conta o establecido na Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade, e na Lei 16/2003, do 28 de maio, de cohesión e calidade do Sistema Nacional de Saúde, ao sinalar que toda a estrutura do sistema sanitario estará á disposición das ensinanzas de grao, especializada e continuada dos profesionais, deberán levarse a cabo as accións necesarias para habilitar, de forma extraordinaria, os centros de saúde necesarios para que teñan a consideración de centros acreditados para a formación, así como os profesionais especialistas en Medicina Familiar e Comunitaria precisos para que poidan actuar como titores na formación de residentes.»

### Aprobación con modificacións

- 20428 (11/PNP-001852)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia

CSV: BOPGDSPGcUMTsdwTO7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Tellado Filgueira, Miguel Ángel e seis deputados/as máis
Sobre as actuacións que debe facer a Xunta de Galicia ante o Goberno central para abaratar a factura eléctrica
BOPG nº 193, do 31.08.2021

Sométese a votación e resulta aprobada, con modificacións respecto do texto orixinal, por 38 votos a favor, ningún en contra e 32 abstencións.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a demandar do Goberno central que emprenda as medidas e reformas estruturais necesarias para abaratar a factura eléctrica das familias e empresas afectadas pola escalada no prezo dos últimos meses, reiterando e ampliando os acordos adoptados nesta Cámara en abril e xuño deste ano. Nomeadamente, suxírese a adopción das medidas que se detallan a continuación:

1. Modificar a Lei 3/1992, do imposto sobre o valor engadido, para facer permanente a rebaixa do IVE da electricidade do 21 % ao 10 %.

2. Suprimir definitivamente o tipo de gravame do imposto sobre o valor da produción de enerxía eléctrica do 7 %, modificando a Lei 15/2012, do 27 de decembro, de medidas fiscais para a sustentabilidade enerxética.

3. Modificar a Lei 24/2013, do sector eléctrico, para que, entre outros aspectos, determinados custos regulatorios que se trasladan á factura eléctrica (débeda do sistema eléctrico e custos extrapeninsulares) sexan financiados integramente con cargo aos Orzamentos Xerais do Estado.

4. Ampliar o dereito de poder acollerse ao prezo voluntario do pequeno consumidor (PVPC) ata potencias que sexan iguais ou inferiores a 15 kW para o consumidor doméstico, co fin de facilitar o acceso ao bono social eléctrico.

5. Desvincular a tarifa regulada (PVPC) da volatilidade do mercado grosista, tal e como se está aplicando noutros países europeos.

6. Impulsar o descenso da factura eléctrica a través da revisión dos tramos horarios, na medida en que o período val de luns a venres no que a tarifa é máis barata vai desde as 12 horas da noite ata as 8 da mañá, o que fai moi difícil o aforro das familias.

7. Conceder máis peso específico ao termo de enerxía que ao de potencia co obxectivo de impulsar a eficiencia enerxética e o autoconsumo eléctrico.

8. Simplificar a factura eléctrica para facilitar a súa comprensión e posta en marcha de inmediato dunha campaña de información ás persoas consumidoras que explique de forma sinxela e comprensible a nova tarifa eléctrica, facilite a toma de decisión e permita un consumo máis eficiente.

CSV: BOPGDSPGcUMTsdwTO7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

9. Diversificar o parque de xeración eléctrica para evitar a elevada dependencia do gas natural, introducindo, entre outras medidas, o almacenamento enerxético para a xestión de fontes renovables.»

**Aprobación por unanimidade con modificacións**

- 13760 (11/PNP-001353)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Ortega Otero, Marina e Torrado Quintela, Julio
Sobre a actuación que debe levar a cabo a Consellería de Política Social en relación co traballo e composición do Comité Asesor Sociosanitario, así como coa participación nel do resto das forzas políticas con representación no Parlamento de Galicia
BOPG nº 123, do 13.04.2021

Sométese a votación e resulta aprobada, con modificacións respecto do texto orixinal, pola unanimidade dos 69 deputados e deputadas presentes.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a que, a través da Consellería de Política Social, dea conta do traballo realizado en canto ao novo modelo de atención residencial, se existe algún avance ao respecto.»

**Rexeitamento da iniciativa**

- 20449 (11/PNP-001856)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Francisco Rivera, Juan Carlos e Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña
Sobre as medidas que debe adoptar a Xunta de Galicia para evitar o pechamento de oficinas bancarias e garantir o dereito aos servizos básicos de carácter financeiro
BOPG nº 193, do 31.08.2021

Sométese a votación e resulta rexeitada por 32 votos a favor, 38 en contra e ningunha abstención.

- 20544 (11/PNP-001866)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Presas Bergantiños, Noa e dous deputados/as máis
Sobre as medidas que debe adoptar a Xunta de Galicia para regular o sector bancario
BOPG nº 193, do 31.08.2021

Sométese a votación e resulta rexeitada por 32 votos a favor, 38 en contra e ningunha abstención.

- 20701 (11/PNP-001884)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Pontón Mondelo, Ana e dezaoito deputados/as máis
Sobre a proposta de nomes das salas do edificio do Parlamento de Galicia
BOPG nº 193, do 31.08.2021

CSV: BOPGDSPGcUMTsdwTO7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Sométese a votación e resulta rexeitada por 18 votos a favor, 38 en contra e 14 abstencións.

Santiago de Compostela, 16 de setembro de 2021
Miguel Ángel Santalices Vieira
Presidente

### 1.3.6.2. Proposicións non de lei en Comisión
### 1.3.6.2.4. Proposicións tramitadas

**Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego**

A Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego, na súa sesión do 16 de setembro de 2021, adoptou os seguintes acordos:

### Aprobación con modificacións

- 17246 (11/PNC-001755)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Pazos Couñago, José Alberto e seis deputados/as máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para incrementar a achega autonómica para o servizo de axuda no fogar e reclamar ao Goberno central un aumento do financiamento á dependencia
BOPG nº 158, do 23.06.2021

Sométese a votación e resulta aprobada con modificacións respecto do texto orixinal, por 10 votos a favor, 0 votos en contra e 2 abstencións.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

1. Incrementar a achega autonómica aos concellos para o sostemento do Servizo de Axuda no Fogar, no que Galicia é líder nacional, e a reclamar ao Goberno central que aumente a participación estatal no financiamento á dependencia para garantir a sustentabilidade do sistema.

2. Reclamar do Goberno español a débeda acumulada con Galicia en materia de dependencia polos reiterados incumprimentos no financiamento do SAAD desde 2006.

3. Impulsar no seo da Fegamp a inclusión de cláusulas sociais e de igualdade nos pregos de licitación do SAF co obxectivo de garantir que empresas sobre as que recaian condenas xudiciais firmes por vulneracións dos dereitos laborais das persoas traballadoras non poidan concorrer a novos procesos.»

### Aprobación por unanimidade con modificacións

- 14256 (11/PNC-001453)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

CSV: BOPGDSPGcUMTsdwTO7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Prado Cores, María Montserrat e Rodil Fernández, Olalla
Sobre a demanda polo Goberno galego ao Goberno central da cesión do edificio que viña ocupando o antigo centro de saúde da Estrada para a posta en marcha dun centro de día
BOPG nº 126, do 21.04.2021

Sométese a votación e resulta aprobada con modificacións respecto do texto orixinal, pola unanimidade dos 12 deputados e deputadas presentes.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno de España (Ministerio de Traballo e Economía Social) para que proceda á cesión a favor do Concello da Estrada das instalación do antigo centro de saúde desta localidade, coa finalidade de instalar neste inmoble un centro de día, coas prazas suficientes para atender toda a demanda existente e, se o espazo o permite, outros usos sociais.»

- 17598 (11/PNC-001802)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rodil Fernández, Olalla e dous deputados/as máis
Sobre os permisos de maternidade e paternidade nas familias monoparentais e as medidas que debe impulsar a Xunta de Galicia ao respecto
BOPG nº 162, do 29.06.2021

Sométese a votación e resulta aprobada con modificacións respecto do texto orixinal, pola unanimidade dos 12 deputados e deputadas presentes.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno español para que modifique a redacción actual do artigo 48 do Estatuto dos traballadores e inclúa o recoñecemento do dereito das familias monoparentais a ampliar ata as 32 semanas o permiso por nacemento e coidado de fillas e fillos, permitíndolles, pois, exercer o dereito a alongar as semanas que lle corresponderían de haber outra persoa proxenitora, podendo exercer este dereito de xeito ininterrompido ou por períodos semanais, dentro dos 12 meses de crianza.»

- 20172 (11/PNC-001920)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Otero Lago, Noelia e dous deputados/as máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para acoller a poboación afgá, especialmente feminina, que precisa fuxir da represión dos talibáns
BOPG nº 191, do 25.08.2021

Sométese a votación e resulta aprobada con modificacións respecto do texto orixinal, pola unanimidade dos 12 deputados e deputadas presentes.

O texto aprobado é o seguinte:

CSV: BOPGDSPGcUMTsdwTO7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

«O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Seguir colaborando na acollida de refuxiadas e refuxiados afgáns ante o risco para as súas vidas polo regreso dos talibáns ao poder.

2. Facer un acompañamento ás e aos refuxiados acollidos na nosa comunidade recollendo datos dos seus familiares para impulsar un reagrupamento.

3. Habilitar todos os mecanismos de carácter social para favorecer a integración destas persoas no noso territorio.

4. O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a que demande do Goberno español:

— Que contribúa a un programa efectivo de axuda humanitaria, e destine os recursos precisos para auxiliar, rescatar e acoller as persoas refuxiadas e poña en marcha as actuación precisas para exixir o mesmo da Unión Europea.

— Que realice todas as actuacións precisas para que os estados membros da UE acepten as solicitudes de asilo sen aplicar criterios de selección restritivos e asegure vías seguras e legais para o desprazamento das persoas que precisan protección internacional.»

**Aprobación por unanimidade sen modificacións**

- 17248 (11/PNC-001756)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Pazos Couñago, José Alberto e seis deputados/as máis
Sobre a dación de conta por parte da Xunta de Galicia do informe sobre o diagnóstico das residencias de maiores que elabora o Comité Asesor Sociosanitario
BOPG nº 158, do 23.06.2021

Sométese a votación e resulta aprobada sen modificacións pola unanimidade dos 12 deputados e deputadas presentes.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a dar conta do informe sobre o diagnóstico das residencias de maiores que elabora o Comité Asesor Sociosanitario para identificar as fraquezas, as fortalezas e as propostas de mellora que permitirán avanzar cara a un novo modelo residencial.»

**Rexeitamento da iniciativa**

- 17683 (11/PNC-001811)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Ortega Otero, Marina e Torrado Quintela, Julio

CSV: BOPGDSPGcUMTsdwTO7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para axilizar a posta en funcionamento da escola infantil de Ribadavia
BOPG nº 166, do 07.07.2021

Sométese a votación e resulta rexeitada por 5 votos a favor, 7 votos en contra e 0 abstencións.

Santiago de Compostela, 16 de setembro de 2021
María Montserrat Prado Cores
Vicepresidenta 2ª

**Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo**

A Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo, na súa sesión do 16 de setembro de 2021, adoptou os seguintes acordos:

## Aprobación por unanimidade con modificacións

- 17846 (11/PNC-001825)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Fernández Alfonzo, Ramón e dous deputados/as máis
Sobre a situación da mina As Viñas, na parroquia da Toca, no concello das Somozas
BOPG nº 169, do 13.07.2021

Sométese a votación e resulta aprobada con modificacións respecto do texto orixinal, pola unanimidade dos 12 deputados e deputadas presentes.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta a adoptar as medidas que sexan precisas na explotación mineira coñecida como As Viñas e, de ser o caso, a paralización, situada na parroquia de Recemel no concello das Somozas, para garantir efectivamente a seguridade das persoas, dos regatos e ríos da contorna, así como das vivendas e da circulación viaria.»

### Rexeitamento da iniciativa

- 12703 (11/PNC-001294)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Seco García, Martín e dous deputados/as máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co proxecto eólico promovido pola empresa Green Capital Power en Troitomil, no concellos da Baña e Negreira, e a implantación dun novo modelo eólico para Galicia
BOPG nº 115, do 24.03.2021

Sométese a votación e resulta rexeitada por 5 votos a favor, 7 votos en contra e 0 abstencións.

Santiago de Compostela, 16 de setembro de 2021
María Montserrat Prado Cores
Vicepresidenta 2ª

CSV: BOPGDSPGcUMTsdwTO7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

# 1.4. Procedementos de información

## 1.4.5. Respostas a preguntas

A Mesa do Parlamento, na súa reunión do día 13 de setembro de 2021, tivo coñecemento das respostas da Xunta de Galicia ás seguintes preguntas con resposta escrita:

### Coñecemento da resposta, remisión ás deputadas e aos deputados e publicación

- 21301 - 15856 (11/PRE-003608)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Torrado Quintela, Julio e Otero Rodríguez, Patricia
Sobre as actuacións do Goberno galego respecto dos avances que se fixeron no proceso de reversión da titularidade dos terreos portuarios non utilizados para fins marítimo-pesqueiros ao dominio municipal

- 20975 - 15976 (11/PRE-003620)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Castro Rey, Paloma e 3 máis
Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto do Grupo de Emerxencias Supramunicipal de Sanxenxo

- 21298 - 16278 (11/PRE-003658)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Torrado Quintela, Julio e Otero Rodríguez, Patricia
Sobre a posición da Xunta de Galicia respecto da empresa conserveira Thenaisie Provote

- 21413 - 16352 (11/PRE-003664)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Pérez Fernández, Rosana e 2 máis
Sobre as actuacións levadas a cabo pola Xunta de Galicia en relación coa solicitude ao Goberno central da retirada do recurso interposto contra a orde que aproba o Plan xeral de explotación marisqueira para o trienio 2021-2023 e a activación da Comisión de Transferencias para iniciar o procedemento do traspaso de competencias sobre a xestión do dominio público marítimo-terrestre, a ordenación do sector pesqueiro e a investigación oceanográfica

- 21294 - 16360 (11/PRE-003665)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Torrado Quintela, Julio e Otero Rodríguez, Patricia
Sobre as actuacións realizadas pola Xunta de Galicia respecto da tramitación do Plan xeral de explotación marisqueira 2021-2023

- 21410 - 16445 (11/PRE-003678)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Pérez Fernández, Rosana e 2 máis
Sobre a valoración da Xunta de Galicia, así como as medidas previstas, en relación coa previsible eliminación das exencións fiscais aos combustibles e a súa repercusión no sector pesqueiro

CSV: BOPGDSPGcUMTsdwTO7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

- 21408 - 16467 (11/PRE-003679)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Pérez Fernández, Rosana e 2 máis
Sobre o estado da execución por parte da Consellería do Mar das axudas pola paralizacion da actividade do marisqueo a pé como consecuencia do gromo de covid-19

- 21025 - 16540 (11/PRE-003690)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e 3 máis
Sobre as previsións da Xunta de Galicia de comunicarlle ao Goberno do Estado a necesidade de dotar Viveiro cun novo xulgado de primeira instancia e instrución e a de ampliar o cadro de persoal

- 21120 - 16618 (11/PRE-003697)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Castro Rey, Paloma e 4 máis
Sobre a creación de salas Gesell nas sedes xudiciais das principais cidades de Galicia

- 21293 - 17078 (11/PRE-003745)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Otero Rodríguez, Patricia e Torrado Quintela, Julio
Sobre as xestións realizadas polo Goberno galego ante a Organización Mundial do Consumo respecto da retirada de certas formas de subvención á pesca

- 21405 - 17533 (11/PRE-003805)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Prado Cores, María Montserrat e 3 máis
Sobre as actuacións da Xunta de Galicia para salvar os proxectos e postos de traballo da conserveira Thenaisie Provoté, do Grove

- 20906 - 17779 (11/PRE-003824)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis
Sobre a colaboración entre a Xunta e a Mancomunidade Serra da Barbanza para a mellora e o impulso do sistema de xestión de residuos municipais

- 20905 - 18688 (11/PRE-003859)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e Francisco Rivera, Juan Carlos
Sobre os criterios empregados pola entidade Augas de Galicia para establecer convenios de colaboración con determinados concellos galegos e a valoración do Goberno galego sobre os obxectivos acadados

- 20921 - 18694 (11/PRE-003860)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 2 máis

CSV: BOPGDSPGcUMTsdwTO7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Sobre a valoración do Goberno galego respecto dos convenios de colaboración asinados pola Axencia Galega de Infraestruturas con determinados concellos nos últimos anos

- 21184 - 7070 (11/PRE-003895)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Álvarez Martínez, Luis Manuel e Díaz Varela, Noa Susana
Sobre a valoración que fai o Goberno galego dos resultados acadados logo de se rematar a vixencia do I Plan de actuacións para a igualdade nos centros educativos de Galicia

- 20920 - 7111 (11/PRE-003918)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 2 máis
Sobre o balance que fai a Xunta de Galicia do Plan estratéxico 2015-2020 sobre o obxectivo transversal 3: Dinamización demográfica

- 20982 - 7304 (11/PRE-003982)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Torrado Quintela, Julio e 2 máis
Sobre a titularidade dos terreos portuarios sen uso para actividade portuaria e que teñen clara natureza urbana

- 20981 - 7314 (11/PRE-003987)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Torrado Quintela, Julio e Ortega Otero, Marina
Sobre a optimización da produción da zona para o libre marisqueo dos Lombos do Ulla por parte da Xunta de Galicia

- 21324 - 7354 (11/PRE-004008)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Presas Bergantiños, Noa e 4 máis
Sobre a xestión exclusivamente pública e directa do Centro de Atención a Persoas con Discapacidade de Ourense

- 21361 - 7512 (11/PRE-004037)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Ortega Otero, Marina e Torrado Quintela, Julio
Sobre cales son as liñas de cambio en canto ao novo modelo de atención residencial por parte da Xunta de Galicia

- 21084 - 7576 (11/PRE-004042)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Díaz Varela, Noa Susana e Álvarez Martínez, Luis Manuel
Sobre a convocatoria de contratos predoutorais e posdoutorais correspondentes a 2021

- 21104 - 7610 (11/PRE-004045)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

CSV: BOPGDSPGcUMTsdwTO7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Díaz Varela, Noa Susana e Álvarez Martínez, Luis Manuel
Sobre as accións desenvolvidas no Plan de reactivación do sector cultural fronte á crise da covid-19

- 21002 - 7919 (11/PRE-004108)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Otero Rodríguez, Patricia e Torrado Quintela, Julio
Sobre a información que posúe o Goberno galego sobre a situación do polbo en Galicia

- 20919 - 7922 (11/PRE-004111)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Otero Rodríguez, Patricia e 3 máis
Sobre as medidas que adoptou o Goberno galego para atallar o gromo da covid-19 na residencia Asilo de Vilalba dende que se detectaron os primeiros casos

- 21352 - 8260 (11/PRE-004182)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Ortega Otero, Marina e Torrado Quintela, Julio
Sobre as previsións do Goberno galego respecto da elaboración dun protocolo de evacuación de todas as persoas positivas en covid-19 residentes nos centros de atención residencial para evitar a propagación do virus

- 21349 - 8509 (11/PRE-004202)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rodil Fernández, Olalla e 2 máis
Sobre as medidas previstas polo Goberno galego para garantir a atención das persoas dependentes ao cargo de familias monoparentais na actual situación de pandemia

- 21000 - 8591 (11/PRE-004211)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Arangüena Fernández, Pablo e 2 máis
Sobre o mecanismo de compensación económica establecido ou previsto polo Goberno galego para as mariscadoras e os mariscadores da ría da Coruña afectados pola suspensión da súa actividade durante a execución dos traballos de rexeneración

- 20977 - 8613 (11/PRE-004213)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Castro Rey, Paloma e 2 máis
Sobre a opinión do Goberno galego respecto das condicións que reúnen as dependencias do Xulgado vello da Parda, en Pontevedra, para as vítimas de violencia de xénero

- 21309 - 8646 (11/PRE-004217)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis
Sobre as actuacións previstas polo Goberno galego tendentes a dar cumprimento ao convenio do ano 2009 para a mellora dos accesos e da vía dos portos do Covelo e Raxó

CSV: BOPGDSPGcUMTsdwTO7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

- 20917 - 8677 (11/PRE-004219)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Díaz Varela, Noa Susana e 2 máis
Sobre a valoración polo Goberno galego da necesidade de apertura dun centro de día ou espazo similar no concello de Touro

- 20916 - 8895 (11/PRE-004253)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Francisco Rivera, Juan Carlos e 2 máis
Sobre as medidas previstas polo Goberno galego para garantir o acceso da cidadanía á xustiza, ante a parálise absoluta dos xulgados de Verín, a consecuencia da detección de casos de covid-19

- 21049 - 8903 (11/PRE-004254)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e 2 máis
Sobre as xestións ou propostas realizadas polo Goberno galego para a ampliación da planta xudicial de Ourense co fin de diminuír a taxa de conxestión e os prazos de resolución dos procedementos en materia de familia

- 21318 - 8910 (11/PRE-004260)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Pérez Fernández, Rosana e 3 máis
Sobre as actuacións levadas a cabo ou previstas pola Xunta de Galicia para garantir as necesarias compensacións económicas ao sector marisqueiro e á Confraría da Coruña durante a execución das obras de dragaxe da ría do Burgo

- 21370 - 8917 (11/PRE-004262)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e Francisco Rivera, Juan Carlos
Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto da elaboración dun plan de actuación contra a pobreza e a exclusión social para reverter a situación dos fogares galegos

- 21223 - 8942 (11/PRE-004265)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Pontón Mondelo, Ana e 18 máis
Sobre a data prevista polo Goberno galego para a vacinación fronte á covid-19 das traballadoras e persoas usuarias do servizo de axuda no fogar. (Procedemento de urxencia)

- 21317 - 8970 (11/PRE-004271)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Pérez Fernández, Rosana e 3 máis
Sobre a postura do Goberno galego respecto do establecemento dun acordo con todas as administracións implicadas no proxecto de dragaxe ambiental da ría do Burgo e coa confraría de pescadores da Coruña para garantirlles as necesarias compensacións económicas ás persoas afectadas pola suspensión da actividade extractiva e posibilitar a súa continuidade ao remate das obras

CSV: BOPGDSPGcUMTsdwTO7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

- 21131 - 9073 (11/PRE-004303)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Díaz Varela, Noa Susana e Álvarez Martínez, Luis Manuel
Sobre as previsións da Secretaría Xeral de Universidades para a difusión dos criterios referidos aos novos títulos de doutoramento das universidades públicas galegas

- 21102 - 9289 (11/PRE-004374)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e Bará Torres, Xosé Luís
Sobre as actuacións do Goberno galego en relación coa elaboración e aprobación inicial da relación de postos de traballo do persoal ao servizo da Administración de xustiza en Galicia

- 21222 - 9378 (11/PRE-004387)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rodil Fernández, Olalla e 2 máis
Sobre o prazo previsto pola Xunta de Galicia para a aprobación do decreto de creación do Consello Galego de Participación Infantil e Adolescente

- 21316 - 9428 (11/PRE-004394)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Ríos Santomé, Paulo e 3 máis
Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto da restitución do carácter público do servizo de transporte marítimo de viaxeiros na ría de Vigo

- 21315 - 9470 (11/PRE-004399)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Pérez Fernández, Rosana e 2 máis
Sobre as actuacións que vai levar a cabo o Goberno galego para evitar os conflitos que se veñen producindo entre mexilloeiros e percebeiros por mor da extracción da semente do mexillón en bancos naturais

- 21127 - 9667 (11/PRE-004413)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Díaz Varela, Noa Susana e Álvarez Martínez, Luis Manuel
Sobre as razóns do Goberno galego para investir 1,5 millóns de euros na serie *3 Caminos*, sen exixir a súa dobraxe á lingua galega

- 21082 - 9873 (11/PRE-004447)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Queixas Zas, Mercedes e 2 máis
Sobre o nomeamento do posto de dirección e o impulso ao proxecto do Centro Galego das Artes da Imaxe

- 21314 - 9890 (11/PRE-004450)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Pérez Fernández, Rosana e 2 máis

CSV: BOPGDSPGcUMTsdwTO7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Sobre a consideración pola Xunta de Galicia de que os fondos europeos Next Generation sirvan para potenciar os sectores produtivos do noso país e nomeadamente o sector do mar

- 21275 - 9972 (11/PRE-004453)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Álvarez Martínez, Luis Manuel e Otero Rodríguez, Patricia
Sobre a valoración pola Xunta de Galicia do desenvolvemento do Plan galego de rehabilitación, alugueiro e mellora do acceso á vivenda 2015 2020, coñecido como Plan RehaVIta

- 20999 - 9978 (11/PRE-004454)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Castro Rey, Paloma e Arangüena Fernández, Pablo
Sobre a elaboración pola Xunta de Galicia, en coordinación cos diferentes colexios de avogados do territorio, dun protocolo de saúde e prevención de riscos laborais para que os letrados e as letradas da quenda de oficio poidan prestar a súa función en condicións seguras para a saúde

- 21081 - 10084 (11/PRE-004471)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Lourenzo Sobral, Manuel Antonio e 2 máis
Sobre o plan de ensino virtual da Xunta de Galicia na terceira onda da pandemia

- 21386 - 10187 (11/PRE-004483)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Pérez Fernández, Rosana e 2 máis
Sobre a actuación levada a cabo polo Goberno galego, a empresa responsable do buque e o Goberno central en relación coa situación da tripulación do arrastreiro galego *Venturer*, con base no porto de Vigo, afectada pola covid-19 e retida en Salvador de Bahía

- 21272 - 10197 (11/PRE-004485)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Torrado Quintela, Julio e 3 máis
Sobre a garantía por parte do Goberno galego da transparencia e da xustificación debida na execución de todas as actuacións e investimentos anunciados no campo municipal de fútbol de Moraña

- 21221 - 10308 (11/PRE-004489)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Fernández Gómez, Alexandra e 2 máis
Sobre a avaliación que fai o Goberno galego dos resultados do desenvolvemento do Plan galego de rehabilitación, alugueiro e mellora do acceso á vivenda 2015-2020, ou Plan RehaVita

- 21220 - 10309 (11/PRE-004490)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Fernández Gómez, Alexandra e 2 máis
Sobre a valoración que fai o Goberno galego do grao de execución real de cada un dos eixos de actuación reflectidos no Plan galego de rehabilitación, alugueiro e mellora do acceso á vivenda 2015-2020, ou Plan RehaVita

CSV: BOPGDSPGcUMTsdwTO7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

- 21219 - 10310 (11/PRE-004491)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Fernández Gómez, Alexandra e 2 máis
Sobre as intencións do Goberno galego referidas á elaboración dalgún documento de avaliación e de rendición de contas respecto do desenvolvemento do Plan galego de rehabilitación, alugueiro e mellora do acceso á vivenda 2015-2020, ou Plan RehaVita

- 20914 - 10323 (11/PRE-004493)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Díaz Varela, Noa Susana e 2 máis
Sobre a valoración que fai o Goberno galego da carencia dunha residencia para persoas maiores na comarca do Sar

- 21126 - 10339 (11/PRE-004495)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Rodeiro Tato, Ovidio e 6 máis
Sobre as liñas básicas que deben seguir os profesionais de atención á diversidade que están a prestar apoio nos centros escolares

- 21393 - 10350 (11/PRE-004496)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Pérez Fernández, Rosana e 2 máis
Sobre as actuacións previstas polo Goberno galego para afrontar a mortaldade de mariscos e a previsible perda de ingresos do sector marisqueiro a consecuencia do exceso de auga doce nas rías de Arousa e Pontevedra despois dos últimos temporais

- 20998 - 10367 (11/PRE-004499)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Gallego Sanromán, María Leticia e 2 máis
Sobre as previsións da Consellería do Mar respecto da construción, no primeiro semestre de 2021, da vía de acceso sur ao porto da Guarda

- 21362 - 10636 (11/PRE-004516)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Ortega Otero, Marina e Torrado Quintela, Julio
Sobre o número de expedientes afectados polo atraso nos pagamentos das libranzas de dependencia en cada provincia

- 21217 - 10758 (11/PRE-004523)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Fernández Alfonzo, Ramón e 2 máis
Sobre as condicións de traballo do persoal na residencia DomusVi de Laraxe, na comarca de Ferrol

- 21458 - 10864 (11/PRE-004531)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Egerique Mosquera, Teresa e 6 máis

CSV: BOPGDSPGcUMTsdwTO7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Sobre o orzamento destinado para o ano 2020 e o número de axudas concedidas ás persoas armadoras de buques pesqueiros conxeladores do censo unificado de palangre de superficie con porto base en Galicia para paliar as dificultades de comercialización ocasionadas como consecuencia da pandemia da covid-19

- 21457 - 10954 (11/PRE-004545)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Egerique Mosquera, Teresa e 6 máis
Sobre a contribución que supón o contido do "Atlas da frota de baixura do litoral de Galicia 2000-2018"

- 21456 - 10958 (11/PRE-004547)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Egerique Mosquera, Teresa e 6 máis
Sobre o orzamento destinado no ano 2021 ás axudas, aprobadas pola Consellería do Mar, para proxectos de desenvolvemento local participativo dirixidas aos grupos de acción local do sector pesqueiro para o desenvolvemento sustentable das zonas de pesca

- 21453 - 11322 (11/PRE-004585)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Egerique Mosquera, Teresa e 6 máis
Sobre as demandas formuladas polo Goberno galego na negociación das cotas definitivas de pesca para o ano 2021 en augas do Gran Sol

- 21450 - 11570 (11/PRE-004602)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Pérez Fernández, Rosana e 4 máis
Sobre as intencións do Goberno galego en relación co establecemento dos protocolos de vacinación contra a covid-19 aos traballadores do mar e de actuación nos casos de positivos en ruta

- 21448 - 11747 (11/PRE-004618)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis
Sobre as previsións do Goberno galego para impulsar as mariñas tradicionais e facilitar o labor das asociacións que conforman a Federación Culturmar

- 21178 - 11771 (11/PRE-004621)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Bará Torres, Xosé Luís e Ríos Santomé, Paulo
Sobre as previsións do Goberno galego respecto da licitación no ano 2021 do contrato de servizos para a elaboración dun estudo e dun anteproxecto de lei para a creación do ente ferroviario galego

- 20912 - 11916 (11/PRE-004635)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Pontón Mondelo, Ana e 18 máis

CSV: BOPGDSPGcUMTsdwTO7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Sobre a garantía pola Xunta de Galicia do bo estado das instalacións de Ence, en Lourizán, e da ausencia de riscos para as persoas e o ambiente. (Procedemento de urxencia)

- 21447 - 12048 (11/PRE-004648)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Egerique Mosquera, Teresa e 6 máis
Sobre a opinión do Goberno galego respecto do Informe da Comisión de Pesca do Parlamento Europeo sobre o impacto na pesca do lixo mariño e sobre as emendas que se lle presentaron

Santiago de Compostela, 14 de setembro de 2021
Diego Calvo Pouso
Vicepresidente 1º

CSV: BOPGDSPGcUMTsdwTO7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/09/2021 13:34:39
Nº Rexistro: 21301
Data envio: 09/09/2021 13:34:39.762

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias

En relación coa pregunta con resposta Escrita **número: 15856**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Julio Torrado Quintela e dona Patricia Otero Rodríguez, sobre **"as actuacións do Goberno galego respecto dos avances que se fixeron no proceso de reversión da titularidade dos terreos portuarios non utilizados para fins marítimo-pesqueiros a dominio municipal"**, (publicada no BOPG número 139 do 14 de maio de 2021), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

**"**O contido da resposta da Xunta de Galicia a esta pregunta xa foi tratado polo Goberno no seo da Comisión 8ª de Pesca e Marisqueo, celebrada o 5 de maio de 2021, no debate da iniciativa con número de rexistro, 7305, presentada polo mesmo grupo parlamentario.

O vídeo da sesión pode consultarse no seguinte enlace:

http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/comision-2021-05-05?part=6d808c34-e7c6-48ef-b4e0-727ec9ebc6ec&start=41

Na devandita sesión, o Goberno informou sobre as preguntas plantexadas nesta iniciativa referidas á titularidade dos terreos portuarios sen uso para a actividade portuaria**"**.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CSV: BOPGDSPGcUMTsdwTO7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Xacobeo 21·22



DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 09/09/2021 13:34:36

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/09/2021 13:34:39
Nº Rexistro: 21301
Data envio: 09/09/2021 13:34:39.762

**Asinado dixitalmente por:**

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 09/09/2021 13:34:36**

CSV: BOPGDSPGcUMTsdwTO7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/09/2021 10:00:11
Nº Rexistro: 20975
Data envio: 03/09/2021 10:00:11.955
Data 03/09/2021 10:00

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 15975**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Paloma Castro Rey, e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"as previsións da Xunta de Galicia respecto do Grupo de Emerxencias Supramunicipal de Sanxenxo"**, (publicada no BOPG número 140 do 19 de maio de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo 2021), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Vicepresidencia Primera e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo,** que ten o seguinte contido:

**"**De acordo co previsto na Lei 5/ 2007, do 7 de maio, de Emerxencias de Galicia, na Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia e na propia Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local (artigo 36), correspóndelles ao órganos de goberno provinciais garantir a prestación do servizo de protección civil e xestión de emerxencias, incluídos os servizos contra incendios e de salvamento, naqueles municipios que non conten con servizos propios, por non resultaren obrigados ou por teren obtida a dispensa deles.

Entre as competencias que, no relativo ás relacións coas entidades locais galegas, corresponden á Xunta de Galicia, de acordo co disposto nos artigos 194 e 195 da citada Lei 5/1997, do 22 de xullo, está a de cooperación e colaboración, que pode levarse a cabo mediante a subscrición de convenios de colaboración.

De conformidade co sinalado, a Xunta de Galicia, as Deputacións Provinciais e a FEGAMP, acordaron no ano 2013 a creación dos Grupos de Emerxencia Supramunicipais (en adiante,GES), que complementan a atención das emerxencias e extinción de incendios forestais, xunto cos parques de bombeiros municipais e cos parques de bombeiros comarcais. Desta forma se abarcan zonas desprovistas de servizos de emerxencia, cun ámbito de actuación superior ao municipal, sen que os límitesadministrativos das provincias supoñan obstáculos á hora de intervir en zonas perimetrais ás sedes de localización dos ditos grupos.

CSV: BOPGDSPGcUMTSdwTO7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Xacobeo 21·22





DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 03/09/2021 10:00:03

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

No convenio dos GES, trala última addenda asinada en marzo de 2021, establécese que catro servizos municipais que xa existían antes da constitución dos GES propiamente ditos, entre eles o de Sanxenxo, prestarán un servizo supramunicipal, a cuxos efectos a Xunta de Galicia aporta o 52,5% do custo. En dito convenio establécense os termos de prestación do servizo no que se refire as funcións e ámbito de cobertura de cada GES ou servizo municipal, sen prexuízo de que no caso de activación dun plan de emerxencias de ámbito autonómico poidan mobilizarse ditos recursos fóra do ámbito de actuación previsto no convenio tal e como establece a Lei 5/ 2007, do 7 de maio, de Emerxencias de Galicia.

O convenio establece, como unha obriga dos Concellos con servizo municipal que prestan un servizo supramunicipal, como é o caso de Sanxenxo, a atención permanente ás chamadas de emerxencia e a prestación do servizo no ámbito territorial establecido, sen fixar o número mínimo de persoal, ao contrario do que se indica para os GES propiamente ditos, cuxa composición si se recolle de forma expresa no seu convenio e que en temos xerais é de 12 persoas, agás nos casos de GES con dúas subsedes**".**

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CSV: BOPGDSPGcUMTsdwTO7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Xacobeo 21·22

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/09/2021 10:00:11
Nº Rexistro: 20975
Data envio: 03/09/2021 10:00:11.955

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 03/09/2021 10:00:03

CSV: BOPGDSPGcUMTsdwTO7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/09/2021 13:34:15
Nº Rexistro: 21298
Data envío: 09/09/2021 13:34:15.731

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias

En relación coa pregunta con resposta Escrita **número: 16278**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Julio Torrado Quintela e dona Patricia Otero Rodríguez, sobre **"as actuacións previstas pola Xunta de Galicia respecto da venda da empresa conserveira Thenaisie Provoté**, (publicada no BOPG número 144 do 26 de maio de 2021), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

**"**O contido da resposta da Xunta de Galicia a esta pregunta xa foi tratado polo Goberno no seo da Comisión 8ª de Pesca e Marisqueo, celebrada o 6 de xullo de 2021, no debate da iniciativa con número de rexistro, 16277, presentada polo mesmo grupo parlamentario.

O vídeo da sesión pode consultarse no seguinte enlace:

http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/comision-8-pesca-marisqueo-2021-07-06?part=200028d9-0892-4f43-9515-960035e945a9&start=3178

Na devandita sesión, o Goberno informou sobre as preguntas plantexadas nesta iniciativa referidas á situación empresa conserveira asentada no Grove Thenaise Provoté**"**.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CSV: BOPGDSPGcUMTSdwTO7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Xacobeo 21·22



DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 09/09/2021 13:34:12

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/09/2021 13:34:15
Nº Rexistro: 21298
Data envio: 09/09/2021 13:34:15.731

**Asinado dixitalmente por:**

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 09/09/2021 13:34:12**

CSV: BOPGDSPGcUMTsdwTO7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/09/2021 10:43:31
Nº Rexistro: 21413
Data envío: 13/09/2021 10:43:31.299

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

En relación coa pregunta con resposta Escrita **número: 16352**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Rosana Pérez Fernández e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"as actuacións levadas a cabo pola Xunta de Galicia en relación coa solicitude ao Goberno central da retirada do recurso interposto contra a orde que aproba o Plan xeral de explotación marisqueira para o trienio 2021-2023 e a activación da Comisión de Transferencias para iniciar o procedemento do traspaso de competencias sobre a xestión do dominio público marítimo-terrestre, a ordenación do sector pesqueiro e a investigación oceanográfica"**, (publicada no BOPG número 144 do 26 de maio de 2021), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

**"**O contido da resposta da Xunta de Galicia a esta pregunta xa foi tratado polo Goberno no seo do Pleno do Parlamento de Galicia, celebrado o 8 de xuño de 2021, no debate da iniciativa con número de rexistro, 16674, na comparecencia a petición propia da Conselleira do Mar.

O vídeo da sesión pode consultarse no seguinte enlace:

http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/pleno-parlamento-2021-06-08?part=cd69d36f-f74f-4788-8f3e-0c8298d61e76&start=184

Na devandita sesión, o Goberno informou sobre as preguntas plantexadas nesta iniciativa referida á situación creada polo recurso interposto polo Ministerio de Transición Ecolóxica e Reto Demográfico respecto do Plan xeral de explotación marisqueira para o período 2021-2023**"**.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CSV: BOPGDSPGcUMTsdwTO7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Xacobeo 21·22



DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 13/09/2021 10:43:27

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/09/2021 10:43:31
Nº Rexistro: 21413
Data envio: 13/09/2021 10:43:31.299

**Asinado dixitalmente por:**

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 13/09/2021 10:43:26**

CSV: BOPGDSPGcUMTsdwTO7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias

En relación coa pregunta con resposta Escrita **número: 16360**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Julio Torrado Quintela e dona Patricia Otero Rodríguez, sobre **"as actuacións realizadas pola Xunta de Galicia respecto da tramitación do Plan xeral de explotación marisqueira 2021-2023"**, (publicada no BOPG número 144 do 26 de maio de 2021), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

"O contido da resposta da Xunta de Galicia a esta pregunta xa foi tratado polo Goberno no seo do Pleno do Parlamento de Galicia, celebrado o 8 de xuño de 2021, no debate da iniciativa con número de rexistro, 16674, na comparecencia a petición propia da Conselleira do Mar.

O vídeo da sesión pode consultarse no seguinte enlace:

http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/pleno-parlamento-2021-06-08?part=cd69d36f-f74f-4788-8f3e-0c8298d61e76&start=184

Na devandita sesión, o Goberno informou sobre as preguntas plantexadas nesta iniciativa referida á situación creada polo recurso interposto polo Ministerio de Transición Ecolóxica e Reto Demográfico respecto do Plan xeral de explotación marisqueira para o período 2021-2023".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CSV: BOPGDSPGcUMTsdwTO7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Xacobeo 21·22

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/09/2021 13:33:07
Nº Rexistro: 21294
Data envio: 09/09/2021 13:33:07.121

**Asinado dixitalmente por:**

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 09/09/2021 13:32:56**

CSV: BOPGDSPGcUMTsdwTO7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias

En relación coa pregunta con resposta Escrita, **número: 16445**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Rosana Pérez Fernández e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"a valoración da Xunta de Galicia en relación coas medidas que se petenden tomar pola Organización Mundial do Comercio e polo Go berno do Estado en relación ás eliminacións fiscais aos combustibles e a súa repercusión no sector pesqueiro e as medidas previstas para paliar as consecuencias"**, (publicada no BOPG número 148 do 3 de xuño de 2021), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

"O contido da resposta da Xunta de Galicia a esta pregunta xa foi tratado polo Goberno no seo da Comisión 8ª de Pesca e Marisqueo, celebrada o 6 de xullo de 2021, no debate da iniciativa con número de rexistro, 17076.

O vídeo da sesión pode consultarse no seguinte enlace:

http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/comision-8-pesca-marisqueo-2021-07-06?part=200028d9-0892-4f43-9515-960035e945a9&start=4705

Na devandita sesión, o Goberno informou sobre a pregunta plantexada nesta iniciativa referida ás xestións levadas a cabo polo Goberno galego ante a proposta da Organización Mundial do Comercio sobre a retirada de subvencións á pesca como a bonificación ao gasóleo".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CSV: BOPGDSPGcUMTsdwTO7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Xacobeo 21·22

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/09/2021 10:43:05
Nº Rexistro: 21410
Data envio: 13/09/2021 10:43:05.752

**Asinado dixitalmente por:**

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 13/09/2021 10:43:02**

CSV: BOPGDSPGcUMTsdwTO7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

En relación coa pregunta con resposta Escrita, **número: 16467**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Rosana Pérez Fernández e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"o estado da execución levada a cabo pola Consellería do Mar en relación coas axudas pola paralizacion da actividade do marisqueo a pé como consecuencia do brote de covid-19"**, (publicada no BOPG número 148 do 3 de xuño de 2021), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

**"**O contido da resposta da Xunta de Galicia a esta pregunta xa foi tratado polo Goberno no seo da Comisión 8ª de Pesca e Marisqueo, celebrada o 17 de xuño de 2021, no debate da iniciativa con número de rexistro, 16466, presentada polo mesmo grupo parlamentario.

O vídeo da sesión pode consultarse no seguinte enlace:

http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/comision-2021-06-17?part=a5f1d856-3d38-4a4a-88d4-183f83662414&start=1288

Na devandita sesión, o Goberno informou sobre as preguntas plantexadas nesta iniciativa referidas á orde publicada no DOG o 13 de agosto de 2020 pola que se regulan as bases e a convocatoria das axudas pola paralización de marisqueo a pé como consecuencia a pandemia provocada pola Covid 19**"**.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CSV: BOPGDSPGcUMTsdwTO7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Xacobeo 21·22

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/09/2021 10:42:49
Nº Rexistro: 21408
Data envio: 13/09/2021 10:42:49.830

**Asinado dixitalmente por:**

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 13/09/2021 10:42:46**

CSV: BOPGDSPGcUMTsdwTO7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/09/2021 10:04:29
Nº Rexistro: 21025
Data envio: 06/09/2021 10:04:29.034

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 16540**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Iago Tabarés Pérez e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **as previsión da Xunta de Galicia de comunicar ao Goberno do Estado da necesidade de dotar Viveiro cun novo xulgado de primeira instancia e instrución e da necesidade de ampliar o cadro de persoal"**, (publicada no BOPG número 148 do 3 de xuño de 2021), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Vicepresidencia Primera e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo,** que ten o seguinte contido:

**"**A competencia para aumentar o número de unidades establecidas na Lei de demarcación e planta xudicial, é unha competencia que lle corresponde ao Goberno da Nación.

A intervención da Comunidade Autónoma afectada vén circunscrita a ser oída, como tamén é oído o Consello Xeral do Poder Xudicial, e finalmente o Goberno da Nación é quen decide sobre a creación (apartado 1 do artigo 20 da Lei de demarcación e planta xudicial). Así, para a programación 2021, na cal o Ministerio de Xustiza asignou á Comunidade Autónoma de Galicia a creación de 3 unidades, consensuouse de xeito unánime co Tribunal Superior -no que se atopan os máximos representantes do Poder Xudicial en Galicia, que ofrecen unha visión global e conxunta de todas as necesidades do territorio para unha priorización obxectiva- solicitar a creación dun xulgado mercantil na Coruña e dúas prazas de maxistrado para as seccións civís das audiencias provinciais de Lugo e de Ourense.

CSV: BOPGDSPGcUMTsdwTO7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Xacobeo 21·22





DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 06/09/2021 10:04:19

Ademais da creación de xulgados no marco da programación ministerial, existen tamén outros órganos cunha elevada sobrecarga de traballo, de xeito que naqueles casos en que o Tribunal Superior de Xustiza ten acordado un plan para reforzar os órganos que así o precisan, a Xunta de Galicia apoia o dito plan autorizando persoal auxiliar ao servizo da Administración de xustiza: no que atinxe a Viveiro estívose abordando, en atención ás indicación das autoridades do Poder Xudicial con diferentes iniciativas, a saber: incrementouse o cadro de persoal no xulgado nº. 2 coa creación dunha praza máis do Corpo de Tramitación; reforzouse cun funcionario do corpo de tramitación a maiores do seu cadro de persoal o xulgado nº. 1; ademais disto, e como acontece en todos os xulgados dos partidos xudiciais de 2 xulgados, o xulgado ao que lle corresponde o servizo de decanato conta coa medida de apoio consistente nunha prolongación de xornada retribuída de 2,5 horas semanais para realizar o rexistro de asuntos.

Polo tanto, a Xunta de Galicia en atención á sobrecarga de traballo dos xulgados de Viveiro ten adoptadas as medidas que no ámbito das súas competencias lle foron demandadas, e así a continuará a facer**".**

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CSV: BOPGDSPGcUMTsdwTO7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/



Xacobeo 21·22

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/09/2021 10:04:29
Nº Rexistro: 21025
Data envío: 06/09/2021 10:04:29.034

**Asinado dixitalmente por:**

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 06/09/2021 10:04:19**

CSV: BOPGDSPGcUMTsdwTO7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 16618**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Paloma Castro Rey, e outros/as deputados/as do mesmo grupo ,sobre **"a creación de salas Gesell nas sedes xudiciais das principais cidades de Galicia"**, (publicada no BOPG número 148 do 3 de xuño de 2021), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Vicepresidencia Primera e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo,** que ten o seguinte contido:

**"**En primeiro lugar indicar que a Xunta de Galicia está a acometer a dotación de Salas Gesell nas principais cidades galegas onde se atopan as subdireccións do IMELGA, a cuxo fin nos orzamentos de 2021 está prevista a dotación específica de 150.000 euros, de xeito que desde estas salas se poderá interactuar con calquera xulgado ou fiscalía de Galicia a través de medios ofimáticos, inda superando o tradicional modelo de Cámara Gesell por mor dos avances tecnolóxicos actualmente e

Esta dotación permitirá evitar a confrontación visual, a intervención de expertos, a posibilidade de excluír a presenza das partes no lugar de exploración da vítima, a posibilidade de que as preguntas se trasladen por medio de expertos, acorde cos requirimentos tecnolóxicos derivados do Estatuto da Vítima (Lei 4/2015) ao que alude a pregunta formulada.

Ademais da Sala Gesell de Ourense, que está plenamente operativa, habilitáronse os espazos para as salas nas que se atoparían os "entrevistados" (vítimas/menores/testemuñas) nos edificios xudiciais de Santiago e de Lugo, as cales xa foron dotadas do correspondente mobiliario "amigable" adecuado aos fins que son propios para realizar a exploración, e mesmo está acondicionado o espazo na sala de Pontevedra na que se realizará a entrevista, que contará proximamente co mobiliario propio

CSV: BOPGDSPGcUMTsdwTO7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Xacobeo 21·22

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias

mencionado anteriormente. E o programa funcional da Cidade da Xustiza de Vigo tamén inclúe a súa instalación, de xeito que será efectiva unha vez conclúa a obra.

Os seguintes pasos comportan a instalación, parametrización e configuración do equipamento tecnolóxico nas devanditas salas.

E así ata chegar as 7 principais cidades galegas, isto é: o Goberno da Xunta de Galicia está a acometer de xeito paulatino ao longo deste ano a instalación de salas Gesell nas 7 sedes xudiciais das cidades onde se atopan as subdireccións do IMELGA, para cuxa dotación existe un específico orzamento de 150.000 euros**".**

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CSV: BOPGDSPGcUMTsdwTO7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Xacobeo 21·22

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/09/2021 12:02:59
Nº Rexistro: 21120
Data envio: 07/09/2021 12:02:59.581

**Asinado dixitalmente por:**

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 07/09/2021 12:02:47**

CSV: BOPGDSPGcUMTsdwTO7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/09/2021 13:32:44
Nº Rexistro: 21293
Data envío: 09/09/2021 13:32:44.231

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias

En relación coa pregunta con resposta Escrita **número: 17078**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Patricia Otero Rodríguez e don Julio Torrado Quintela, sobre **"a as xestións realizadas polo Goberno galego ante a Organización Mundial do Consumo respecto da retirada de certas formas de subvención á pesca"**, (publicada no BOPG número 156 do 17 de xuño de 2021), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

**"**O contido da resposta da Xunta de Galicia a esta pregunta xa foi tratado polo Goberno no seo da Comisión 8ª de Pesca e Marisqueo, celebrada o 6 de xullo de 2021, no debate da iniciativa con número de rexistro, 17076, presentada polo mesmo grupo parlamentario.

O vídeo da sesión pode consultarse no seguinte enlace:

http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/comision-8-pesca-marisqueo-2021-07-06?part=200028d9-0892-4f43-9515-960035e945a9&start=4705

Na devandita sesión, o Goberno informou sobre a pregunta plantexada nesta iniciativa referida ás xestións levadas a cabo polo Goberno galego ante a proposta da Organización Mundial do Comercio sobre a retirada de subvencións á pesca como a bonificación ao gasóleo**"**.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CSV: BOPGDSPGcUMTsdwTO7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Xacobeo 21·22


DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 09/09/2021 13:32:35

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/09/2021 13:32:44
Nº Rexistro: 21293
Data envio: 09/09/2021 13:32:44.231

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 09/09/2021 13:32:35

CSV: BOPGDSPGcUMTsdwTO7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/09/2021 10:42:21
Nº Rexistro: 21405
Data envío: 13/09/2021 10:42:21.049

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

En relación coa pregunta con resposta Escrita, **número: 17533**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Montserrat Prado Cores e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"as actuacións da Xunta de Galicia para salvar os proxectos e postos de traballo da conserveira Thenaisie Provoté, do Grove"**, (publicada no BOPG número 162 do 29 de xuño de 2021), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

**"**O contido da resposta da Xunta de Galicia a esta pregunta xa foi tratado polo Goberno no seo do Pleno do Parlamento de Galicia, celebrado o 14 de xullo de 2021, no debate da iniciativa con número de rexistro, 17532, presentada polo mesmo grupo parlamentario.

O vídeo da sesión pode consultarse no seguinte enlace:

http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/pleno-parlamento-2021-07-14?part=5014dc92-87fa-4612-91e9-38c332d3dac0&start=27042

Na devandita sesión, o Goberno informou sobre as preguntas plantexadas nesta iniciativa referida á empresa conserveira asentada no Grove Thenaise Provoté**"**.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CSV: BOPGDSPGcUMTsdwTO7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Xacobeo 21·22



DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 13/09/2021 10:42:12

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/09/2021 10:42:21
Nº Rexistro: 21405
Data envio: 13/09/2021 10:42:21.049

**Asinado dixitalmente por:**

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 13/09/2021 10:42:12**

CSV: BOPGDSPGcUMTsdwTO7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/09/2021 13:20:57
Nº Rexistro: 20906
Data envio: 02/09/2021 13:20:57.331
Data 02/09/2021 13:20

En relación coa pregunta con resposta Escrita **número: 17779**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Xosé Luís Bará Torres, sobre **"a colaboración entre a Xunta e a Mancomunidade Serra da Barbanza para a mellora e o impulso do sistema de xestión de residuos municipais"**, (publicada no BOPG número 166 do 7 de xullo de 2021), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

**"**O Goberno galego considera complementarios e necesarios os sistemas de tratamento de residuos alternativos a Sogama, especialmente no caso de determinados fluxos de residuos municipais.

Todos os sistemas de recollida e tratamento de residuos deben cumprir cos obxectivos e coas obrigas establecidas pola normativa comunitaria en canto á recollida separada de residuos e ao principio de xerarquía na súa xestión**"**.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CSV: BOPGDSPGcUMTsdwTO7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Xacobeo 21·22



DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 02/09/2021 13:20:52

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/09/2021 13:20:57
Nº Rexistro: 20906
Data envio: 02/09/2021 13:20:57.331

**Asinado dixitalmente por:**

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 02/09/2021 13:20:52**

CSV: BOPGDSPGcUMTsdwTO7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/09/2021 13:20:41
Nº Rexistro: 20905
Data envio: 02/09/2021 13:20:41.565
Data 02/09/2021 13:20

En relación coa pregunta con resposta Escrita **número: 18688**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e don Juan Carlos Francisco Rivera, sobre **"os criterios empregados pola entidade Augas de Galicia para establecer convenios de colaboración con determinados concellos galegos e a valoración do Goberno galego sobre os obxectivos acadados"**, (publicada no BOPG número 183 do 9 de agosto de 2021), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

**"**As actuacións levadas a cabo por Augas de Galicia nos últimos anos son, na súa meirande parte, financiadas con fondos europeos. A este respecto, sinalar que os distintos programas operativos europeos xa indican a tipoloxía de actuacións que se poden executar, establecendo criterios e procedementos de selección de actuacións. Na selección de actuacións efectuada participaron todas as peticións solicitadas a Augas de Galicia.

Os criterios recóllense nos propios programas operativos dos fondos. Os textos íntegros dos convenios acordados envíanse para a súa publicación. Cómpre lembrar que o artigo 15 de Lei 1/2016, de transparencia e bo goberno, impón a cada consellería ou entidade da Xunta de Galicia a obriga de publicar no Diario Oficial de Galicia unha relación dos convenios de colaboración subscritos no cuadrimestre anterior. En cumprimento da normativa vixente, os convenios de colaboración subscritos por Augas de Galicia, co seu obxecto, contía e data de sinatura, envíanse, nos prazos e conforme á tramitación correspondente, para a súa publicación no Diario Oficial de Galicia e no Portal de Transparencia**"**.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CSV: BOPGDSPGcUMTsdwTO7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Xacobeo 21·22



DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 02/09/2021 13:20:36

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/09/2021 13:20:41
Nº Rexistro: 20905
Data envio: 02/09/2021 13:20:41.565

**Asinado dixitalmente por:**

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 02/09/2021 13:20:36**

CSV: BOPGDSPGcUMTsdwTO7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/09/2021 13:24:00
Nº Rexistro: 20921
Data envío: 02/09/2021 13:24:00.018

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias

En relación coa pregunta con resposta Escrita **número: 18694**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"a valoración do Goberno galego respecto dos convenios de colaboración asinados pola Axencia Galega de Infraestruturas con determinados concellos nos últimos anos"**, (publicada no BOPG número 183 do 9 de agosto de 2021), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

**"**Cada un dos convenios subscritos pola Axencia Galega de Infraestruturas con concellos galegos busca solucionar unha problemática relevante desde o punto de vista da seguridade viaria e da funcionalidade da rede de estradas; ou ben vai asociada a cambios de titularidade de treitos da rede autonómica que se transfire á entidade local correspondente; ou se trata de actuacións sobre a propia rede de estradas ou a súa contorna, nas que os concellos colaboran para o seu desenvolvemento coa achega dos terreos necesarios para a execución das obras.

En cumprimento da normativa vixente, os convenios de colaboración subscritos entre a Axencia Galega de Infraestruturas e os distintos concellos galegos na X lexislatura publicáronse no Diario Oficial de Galicia, na Base de Datos Nacional de Subvencións e no Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia**"**.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CSV: BOPGDSPGcUMTsdwTO7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Xacobeo 21·22





DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 02/09/2021 13:23:55

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/09/2021 13:24:00
Nº Rexistro: 20921
Data envio: 02/09/2021 13:24:00.018

**Asinado dixitalmente por:**

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 02/09/2021 13:23:55**

CSV: BOPGDSPGcUMTsdwTO7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Ref. mv

En relación coa pregunta con resposta oral -a tramitar polo Pleno- **número 7070,** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Luís Manuel Álvarez Martínez e dona Noa Díaz Varela, sobre **"a valoración que fai o Goberno galego dos resultados acadados logo de se rematar a vixencia do I Plan de actuacións para a igualdade nos centros educativos de Galicia"**, (publicada no BOPG número 73, do 11 de xaneiro de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2021, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Cultura, Educación e Universidade,** que ten o seguinte contido:

"A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida ao Parlamento de Galicia en resposta por escrito ás preguntas con números 8693, 8694, 8695, 8696, 8697, 8698, 8699, 8700, 8701, 8702, 8777, 8778, 8779, 8780, 8781, 8782, 8783, 8784, 8785, 8786, 8864, 8865, 8866, 8867, 8868, 8869 e 8870, e publicadas no BOPG número 186, de data 12/08/2021; ás que nos remitimos por tratarse do mesmo asunto."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
*(ASINADO DIXITALMENTE)*

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CSV: BOPGDSPGcUMTsdwTO7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Xacobeo 21·22



DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 07/09/2021 14:50:05

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/09/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 21184
Data envío: 07/09/2021 14:50:09.279

**Asinado dixitalmente por:**

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 07/09/2021 14:50:05**

CSV: BOPGDSPGcUMTsdwTO7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/09/2021 13:22:45
Nº Rexistro: 20920
Data envío: 02/09/2021 13:22:45.127

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 7111**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"o balance que fai a Xunta de Galicia do Plan estratéxico 2015-2020 sobre o obxectivo transversal 3: Dinamización demográfica"**, (publicada no BOPG número 73 do 11 de xaneiro de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo 2021), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social,** que ten o seguinte contido:

**"**O Plan Estratéxico de Galicia 2015-2020 incluíu entre os seus obxectivos transversais o número 3, centrado na dinamización demográfica de Galicia. Na definición deste obxectivo explicábase que a situación demográfica de Galicia "é a resultante do conxunto de múltiples factores, que se poderían agrupar en cuestións demográficas, cuestións laborais e socioloxía e política familiar".

Cómpre lembrar que a elaboración deste Plan Estratéxico de Galicia 2015-2020 foi froito dun proceso participativo sen precedentes, no que se involucraron máis de 500 actores de distintos ámbitos.

No enfoque estratéxico xeral deste obxectivo, o Plan Estratéxico 2015-2020 incidía en que o reto demográfico "é un reto de difícil solución, para o que non hai unha receita única". Non obstante, o plan definiu catro áreas (sensibilización, impulso socioeconómico á maternidade/paternidade, apoio ás familias e impulso das actuacións conxuntas) nas que se marcaba como obxectivo a aprobación de diferentes medidas.

Neste momento, a Xunta de Galicia ten aprobado xa a maioría destas medidas, como por exemplo:

- O incremento da dedución fiscal no IRPF por nacemento ou adopción, que situou a Galicia como a comunidade autónoma con maior dedución fiscal nesta materia

CSV: BOPGDSPGcUMTsdwTO7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/


DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 02/09/2021 13:22:42

- A implantación da gratuidade na atención educativa para o segundo fillo en todas as escolas infantís de Galicia, materia na que Galicia é pioneira no conxunto de España
- A creación de axudas directas por nacemento ou adopción de fillo, a través da Tarxeta Benvida
- A creación e posta en funcionamento das primeiras casas-niño, unha medida tamén pioneira no conxunto de España e que na actualidade conta con preto de 80 casas en funcionamento para dar un servizo de conciliación específico aos concellos de menos de 5.000 habitantes.
- A creación na estrutura orgánica da Xunta dunha Dirección Xeral con competencia específica na dinamización demográfica
- A creación do Observatorio Galego de Dinamización Demográfica, de carácter transversal e que conta coa participación de diversos axentes sociais
- A participación activa de Galicia nos diferentes foros e organismos relacionados co reto demográfico, nomeadamente na elaboración da Estratexia Nacional fronte ao Reto Demográfico

En canto á evolución demográfica durante o ámbito de aplicación do Plan Estratéxico 2015-2020, os datos oficiais demostran que desde 2015 tense producido unha mellora progresiva da variación relativa da poboación propiciada fundamentalmente pola espectacular recuperación do saldo migratorio de Galicia. De feito, este indicador a 1 de xaneiro de 2015 situábase en Galicia no -0,59%, mentres que en 2020 a variación relativa pasou a ser positiva ao situarse no 0,03%.

Froito desta mellora na evolución poboacional de Galicia, no ano 2019 -último ano con datos oficiais no momento de elaboración desta resposta- consolidouse esta evolución positiva nas cifras de poboación da nosa comunidade autónoma. O ano 2019 foi o sexto ano consecutivo no que Galicia logrou mellorar a evolución da variación relativa da poboación respecto ao ano precedente, e mesmo se conseguiu volver ás cifras positivas, algo que non sucedía desde o ano 2009.

Posteriormente, no ano 2020 produciuse un cambio de tendencia demográfico a nivel global provocado polo efecto da COVID-19. Os primeiros datos provisionais publicados polos organismos estatísticos indican que no ano 2020 houbo unha redución dos movementos migratorios, o cal afectou aos saldos migratorios especialmente en comunidades autónomas

CSV: BOPGDSPGcUMTsdwTO7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias

receptoras como é o caso de Galicia. En todo caso, os datos provisionais mostran que a evolución da poboación en Galicia en 2020 foi similar á do conxunto de España -unha variación do -0,3% e do -0,2%, respectivamente- e os primeiros datos de migracións sinalan que Galicia continuou sendo en 2020 unha comunidade autónoma na que entran a residir moitas máis persoas das que saen, cun saldo migratorio positivo en todas as franxas de idade e tanto co estranxeiro como co resto de comunidades autónomas**".**

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CSV: BOPGDSPGcUMTsdwTO7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/09/2021 13:22:45
Nº Rexistro: 20920
Data envio: 02/09/2021 13:22:45.127

**Asinado dixitalmente por:**

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 02/09/2021 13:22:42**

CSV: BOPGDSPGcUMTsdwTO7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/09/2021 10:30:50
Nº Rexistro: 20982
Data envio: 03/09/2021 10:30:50.877

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 7304**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Julio Torrado Quintela e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"a titularidade dos terreos portuarios sen uso para actividade portuaria e que teñen clara natureza urbana"**, (publicada no BOPG número 73 do 11 de xaneiro de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2021, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

**"**O contido da resposta da Xunta de Galicia a esta pregunta xa foi tratado polo Goberno no seo da Comisión 8ª de Pesca e Marisqueo, celebrada o 5 de maio de 2021, no debate da iniciativa con número de rexistro, 7305, presentada polo mesmo grupo parlamentario.

O vídeo da sesión pode consultarse no seguinte enlace:

http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/comision-2021-05-05?part=6d808c34-e7c6-48ef-b4e0-727ec9ebc6ec&start=41

Na devandita sesión, o Goberno informou sobre as preguntas plantexadas nesta iniciativa referidas á titularidade dos terreos portuarios sen uso para a actividade portuaria**".**

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CSV: BOPGDSPGcUMTsdwTO7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/



DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 03/09/2021 10:30:46

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/09/2021 10:30:50
Nº Rexistro: 20982
Data envio: 03/09/2021 10:30:50.877

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 03/09/2021 10:30:46

CSV: BOPGDSPGcUMTsdwTO7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/09/2021 10:30:40
Nº Rexistro: 20981
Data envio: 03/09/2021 10:30:40.893

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 7314**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Julio Torrado Quintela e dona Patricia Otero Rodríguez sobre, **"a optimización da produción da zona para o libre marisqueo dos Lombos do Ulla por parte da Xunta de Galicia"**, (publicada no BOPG número 73 do 11 de xaneiro de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2021, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

**"**O contido da resposta da Xunta de Galicia a esta pregunta xa foi tratado polo Goberno no seo da Comisión 8ª de Pesca e Marisqueo, celebrada o 4 de febreiro de 2021, no debate da iniciativa con número de rexistro, 7315, presentada polo mesmo grupo parlamentario.

O vídeo da sesión pode consultarse no seguinte enlace:

http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/comision-8-pesca-marisqueo-2021-02-04?part=9d6a1808-a8e1-46df-819c-257db03eaa38&start=172

Na devandita sesión, o Goberno informou sobre a pregunta plantexada nesta iniciativa referidas á optimización da produción da zona para o libre marisqueo dos Lombos do Ulla por parte da Xunta de Galicia**".**

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CSV: BOPGDSPGcUMTsdwTO7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Xacobeo 21·22



DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 03/09/2021 10:30:33

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/09/2021 10:30:40
Nº Rexistro: 20981
Data envio: 03/09/2021 10:30:40.893

**Asinado dixitalmente por:**

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 03/09/2021 10:30:33**

CSV: BOPGDSPGcUMTsdwTO7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/09/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 21324
Data envio: 09/09/2021 14:54:56.278
Data 09/09/2021 14:54

Ff

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 7354,** formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Iria Carreira Pazos e outras/outros deputadas/deputados do mesmo grupo, sobre **"a xestión exclusivamente pública e directa do CAPD de Ourense"**, (publicada no BOPG número 73 do 11 de xaneiro de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2021, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social** que ten o seguinte contido:

O futuro CAPD de Ourense será un equipamento público titularidade da Xunta de Galicia e suporá unha importantísima mellora na atención á discapacidade, pois incrementará nun 35% o número de prazas públicas na cidade das Burgas.

O centro disporá dun total de 110 prazas públicas, das cales 80 serán de carácter residencial e 30 de atención de día..

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(*ASINADO DIXITALMENTE)*

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CSV: BOPGDSPGcUMTsdwTO7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/09/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 21324
Data envio: 09/09/2021 14:54:56.278

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 09/09/2021 14:54:51

CSV: BOPGDSPGcUMTsdwTO7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 7512**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Marina Ortega Otero e don Julio Torrado Quintela, sobre **"cales son as liñas de cambio en canto ao novo modelo de atención residencial por parte da Xunta de Galicia"** (publicada no BOPG número 79 do 20 de xaneiro de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo 2021), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social,** que ten o seguinte contido:

"A Xunta de Galicia está a traballar no novo modelo de residencias que será participativo, consensuado e integrador. Neste sentido, o novo modelo precisa do punto de vista de todos os axentes implicados: persoal médico e de enfermería; directores e traballadores non sanitarios; académicos e investigadores; arquitectos; e familiares de usuarios.

Este novo modelo deberá sustentarse sobre tres piares fundamentais:

- Apostar polas potencialidades da tecnoloxía e poñela ao servizo da calidade de vida das persoas usuarias;
- Explorar melloras estruturais e arquitectónicas que permitan optimizar a atención en todas as circunstancias;
- Avanzar na coordinación entre o eido social e o sanitario.

Este modelo abrangue non só aos centros residenciais, senón tamén todos aqueles que axuden aos cidadáns a seguir vivindo de xeito independente nos seus fogares e participar na sociedade.

Para acadar este obxectivo, o primeiro paso é analizar e avaliar a situación dos centros residenciais de Galicia, e o impacto que a pandemia tivo neles. A partir dos datos que obteñamos:

CSV: BOPGDSPGcUMTsdwTO7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Xacobeo 21·22

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias

- Revisarase a tipoloxía das residencias en función do perfil de usuario;
- Definiranse diferentes áreas en función do seu uso;
- A situación e distribución das residencias será un factor importante para favorecer a integración dos usuarios;
- Analizarase o tamaño óptimo dos centros.

Unha vez extraídas as conclusións garantirase un período de tempo para adecuar os centros aos novos requirimentos.

Sobre este diagnóstico traballa o Comité Asesor Sociosanitario, constituído o pasado 21 de decembro, e que se encargará de deseñar o esquema sociosanitario, así como marcar as liñas mestras polas que transcorrerá o futuro do sector que permitirá seguir avanzando cara un maior benestar das persoas maiores usuarias**".**

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CSV: BOPGDSPGcUMTSdwTO7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Xacobeo 21·22

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/09/2021 12:05:50
Nº Rexistro: 21361
Data envio: 10/09/2021 12:05:50.417

**Asinado dixitalmente por:**

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 10/09/2021 12:05:45**

CSV: BOPGDSPGcUMTsdwTO7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/09/2021 17:02:44
Nº Rexistro: 21084
Data envio: 06/09/2021 17:02:44.514
Data 06/09/2021 17:02

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias

Ref. mv

En relación coa pregunta con resposta oral -a tramitar polo Pleno- **número 7576,** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Noa Díaz Varela e don Luís Manuel Álvarez Martínez, sobre **"a convocatoria de contratos predoutorais e posdoutorais correspondentes a 2021"**, (publicada no BOPG número 79 do 20 de xaneiro de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2021, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Cultura, Educación e Universidade,** que ten o seguinte contido:

"A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida ao Parlamento de Galicia en resposta por escrito á pregunta con número 7577 e publicada no BOPG número 186, de data 12/08/2021 á que nos remitimos."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
*(ASINADO DIXITALMENTE)*

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CSV: BOPGDSPGcUMTsdwTO7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Xacobeo 21·22



DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 06/09/2021 17:02:41

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/09/2021 17:02:44
Nº Rexistro: 21084
Data envío: 06/09/2021 17:02:44.514

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 06/09/2021 17:02:41

CSV: BOPGDSPGcUMTsdwTO7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/09/2021 09:37:12
Nº Rexistro: 21104
Data envío: 07/09/2021 09:37:12.081

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias

Ref. mv

En relación coa pregunta con resposta oral -a tramitar polo Pleno- **número 7610,** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Noa Díaz Varela e don Luís Manuel Álvarez Martínez, sobre **"as accións desenvolvidas no Plan de reactivación do sector cultural fronte á crise da covid-19"**, (publicada no BOPG número 79 do 20 de xaneiro de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2021, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Cultura, Educación e Universidade,** que ten o seguinte contido:

"A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida ao Parlamento de Galicia en resposta oral á pregunta con número 11418 e debatida na Comisión 4ª o 16 de abril de 2021; á que nos remitimos porque ofrece datos de balance do Plan de Reactivación para o sector cultural e repasa as accións previstas para o ano 2021.

O debate pode ser consultado no seguinte enlace:

http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/comision-4-educacion-cultura-2021-04-16?part=e984acca-2aae-4049-8d70-8471f4531e9a&start=3628."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

*(ASINADO DIXITALMENTE)*

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CSV: BOPGDSPGcUMTsdwTO7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Xacobeo 21·22





DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 07/09/2021 09:37:06

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/09/2021 09:37:12
Nº Rexistro: 21104
Data envio: 07/09/2021 09:37:12.081

**Asinado dixitalmente por:**

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 07/09/2021 9:37:06**

CSV: BOPGDSPGcUMTsdwTO7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/09/2021 12:26:06
Nº Rexistro: 21002
Data envio: 03/09/2021 12:26:06.330

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 7919**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Patricia Otero Rodríguez e don Julio Torrado Quintela, sobre **"a información que posúe o Goberno galego sobre a situación do polbo en Galicia"**, (publicada no BOPG número 79 do 20 de xaneiro de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2021, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

**"**O contido da resposta da Xunta de Galicia a esta pregunta xa foi tratado polo Goberno no seo da Comisión 8ª de Pesca e Marisqueo, celebrada o 20 de abril de 2021, no debate da iniciativa con número de rexistro, 7890, presentada polo mesmo grupo parlamentario.

O vídeo da sesión pode consultarse no seguinte enlace:

http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/comision-8-pesca-marisqueo-2021-04-20?part=a33e9a2f-4921-422b-bf23-84f98b9e863a&start=126

Na devandita sesión, o Goberno informou sobre a pregunta plantexada nesta iniciativa referidas á situación do polbo en Galicia, as medidas que adoptará o Goberno galego para a súa recuperación e o plan de xestión posto en marcha pola Consellería do Mar**".**

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CSV: BOPGDSPGcUMTsdwTO7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Xacobeo 21·22





DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 03/09/2021 12:26:02

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/09/2021 12:26:06
Nº Rexistro: 21002
Data envio: 03/09/2021 12:26:06.330

**Asinado dixitalmente por:**

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 03/09/2021 12:26:02**

CSV: BOPGDSPGcUMTsdwTO7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/09/2021 13:22:37
Nº Rexistro: 20919
Data envio: 02/09/2021 13:22:37.315

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 7922**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Patricia Otero Rodríguez, e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"as medidas que adoptou o Goberno galego para atallar o gromo da covid-19 na residencia Asilo de Vilalba dende que se detectaron os primeiros casos"**, (publicada no BOPG número 79 do 20 de xaneiro de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo 2021), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social,** que ten o seguinte contido:

**"**A Orde SND/275/2020, do 23 de marzo, pola que se establecen medidas complementarias de carácter organizativo, así como a subministración de información no ámbito dos centros de servizos sociais de carácter residencial en relación coa xestión da crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, que recoñece a especial vulnerabilidade das persoas maiores, as persoas con discapacidade ou outros usuarios de centros residenciais e centros sociais con internamento ante a infección COVID-19, e a necesidade de dispoñer de recursos para a atención dos mesmos, obriga a adoptar novas medidas dirixidas a reducir o risco de contaxio e garantir a posibilidade de utilización de todos os recursos dispoñibles para a atención social e sanitaria destes colectivos.

En virtude do disposto no punto terceiro, apartado c, da Orde SND/275/2020, do 23 de marzo, a autoridade sanitaria competente da comunidade autónoma poderá, en función da situación epidémica e asistencial de cada centro residencial ou territorio concreto e sempre atendendo a principios de necesidade e proporcionalidade, intervir os centros residenciais e dispoñer unha serie de actuacións neles.

Deste xeito, a Consellería de Sanidade conxuntamente coa Consellería de Política Social acordaron levar a cabo dous tipos de actuacións. Por unha banda, a creación de Residencias Integradas para illamento e tratamento das persoas diagnosticadas con COVID-19 e, por outra, a intervención en centros residenciais, propoñendo distintos tipos de medidas, entre as que se atopan o apoio con empregados públicos, nas residencias con maiores dificultades no control das persoas infectadas ou na contención do brote, no seu caso, motivo polo que estas

CSV: BOPGDSPGcUMTsdwTO7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Xacobeo 21·22





DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 02/09/2021 13:22:33

residencias denomínanse Residencias Intervidas ou "con expediente de intervención", de acordo coa terminoloxía empregada polo Goberno central.

Cando se detecta un caso confirmado de COVID-19 nunha residencia de maiores, nun centro de discapacidade ou noutros centros sociosanitarios para a atención as persoas con enfermidade mental grave, os equipos asistenciais do Servizo Galego de Saúde, en función da súa situación clínica, poderán decidir o seu traslado a un centro hospitalario, a unha residencia integrada ou a súa permanencia no centro onde reside e, si se considera preciso, a intervención desta (sempre que sexa posible establecer medidas de illamento nela).

As  Residencias Integradas son espazos residenciais destinados ao seguimento e tratamento das persoas con COVID-19 positivo paucisintomáticos ou con sintomatoloxía leve nas que non é necesaria a hospitalización. O obxectivo destas residencias é preservar aos residentes dos centros de orixe dun posible contaxio e, ademais, agrupar os casos confirmados de COVID-19 para realizar un tratamento continuado con persoal sanitario do Servizo Galego de Saúde.

Nestes centros, a Consellería de Sanidade asume o control total tanto da asistencia sanitaria como da xestión polo que a xerencia da área sanitaria na que se atope a residencia integrada, ou persoa/s en quen delegue, e dirixirá todas as actuacións que teñan lugar nela.

A Residencia Intervida é a que o Servizo Galego de Saúde asume ou apoia no control sanitario dela, polo que estará sometida a unha supervisión continua durante o período que dure a intervención. A persoa encargada de organizar esta intervención é o/a xerente da área sanitaria ou persoa en quen delegue.

O Goberno galego interveu residencias desde o inicio da pandemia sempre que a calidade asistencial se viu comprometida e atendendo a criterios unicamente sanitarios.

Deste xeito, o 19 de novembro de 2020 a Consellería de Sanidade e a Consellería de Política Social asinaron unha resolución conxunta pola que se acorda a intervención da Residencia de Persoas Maiores Asilo de Vilalba co fin de reforzar o persoal do centro. Unha vez avaliada a situación da residencia, ambas consellerías acordaron tomar esa medida para garantir a calidade asistencial e a correcta protección da saúde tanto das persoas usuarias como das traballadoras e traballadores do centro.

CSV: BOPGDSPGcUMTsdwTO7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Un equipo da Consellería de Política Social e outro do Servizo Galego de Saúde (Sergas) desprazáronse ao centro para facer un seguimento permanente sobre a situación dos residentes, así como para vixiar a correcta aplicación das medidas de prevención, seguridade e hixiene fronte á covid-19 aprobadas pola Xunta de Galicia. Os profesionais do Sergas tamén velaron pola continuidade dunha atención sanitaria axeitada na residencia.

A residencia xeriátrica Asilo de Vilalba non conta con ningún usuario ou traballador contaxiado con covid-19**".**

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CSV: BOPGDSPGcUMTsdwTO7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Xacobeo 21·22

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/09/2021 13:22:37
Nº Rexistro: 20919
Data envio: 02/09/2021 13:22:37.315

**Asinado dixitalmente por:**

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 02/09/2021 13:22:33**

CSV: BOPGDSPGcUMTsdwTO7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/09/2021 11:51:34
Nº Rexistro: 21352
Data envío: 10/09/2021 11:51:34.667

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 8260**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Marina Ortega Otero e don Julio Torrado Quintela, sobre **"as previsións do Goberno galego respecto da elaboración dun protocolo de evacuación de todas as persoas positivas en covid-19 residentes nos centros de atención residencial para evitar a propagación do virus"** (publicada no BOPG número 84 do 28 de xaneiro de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo 2021), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social,** que ten o seguinte contido:

**"**Os centros residenciais de Galicia contaron dende o primeiro momento con protocolos de actuación e prevención para facer fronte a posibles casos de covid-19. Na nosa comunidade houbo protocolos antes de que existisen a nivel nacional.

Estes protocolos están suxeitos a permanente revisión e actualización, como consecuencia da experiencia e do coñecemento que se foi tendo do virus ao longo de todo este tempo.

En concreto, cómpre destacar o protocolo conxunto da Consellería de Sanidade e da Consellería de Política Social para o manexo da crise sanitaria provocada pola covid-19 nas residencias de maiores e noutros centros sociosanitarios. Entre outros aspectos, este protocolo regula as medidas dirixidas a prevención, vixilancia e control da infección por covid-19 nos centros residenciais.

No apartado 7 deste protocolo, referido en concreto ás medidas de control da infección, recóllense as actuacións para evitar a propagación dun abrocho de covid-19.

O protocolo diferencia a forma de actuación ante un caso sospeitoso, e ante un caso xa confirmado.

CSV: BOPGDSPGcUMTsdwTO7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Xacobeo 21·22

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/09/2021 11:51:34
Nº Rexistro: 21352
Data envio: 10/09/2021 11:51:34.667

Ante un caso sospeitoso, o persoal sanitario de atención primaria ou da residencia, debe establecer de forma rápida se un residente ten un cadro clínico compatible coa sintomatoloxía de infección por covid-19. Cando a situación clínica é leve, e non se considere preciso o ingreso hospitalario, o persoal sanitario da residencia ou de atención primaria realizará o seguimento a

través da plataforma de teleseguimento Telea, previa activación do perfil do paciente e con contactos telefónicos ou presenciais, segundo o criterio médico.

Se existe un agravamento dos síntomas o equipo de seguimento compartido hospitalario ou o persoal médico de atención primaria levará a cabo unha avaliación clínica e decidirá o seu traslado ao hospital ou manter o seguimento residencial a través da plataforma de teleseguimento Telea ou hospitalización a domicilio.

Ante un caso confirmado nunha residencia de maiores, os equipos asistenciais do Sergas, en función da situación clínica do caso, poderán decidir o seu traslado a un centro hospitalario, a unha residencia integrada ou a súa permanencia no centro onde reside.

Para a xestión nunha residencia cun caso de covid-19 asintomático ou cunha sintomatoloxía leve que non implique o seu ingreso hospitalario, formúlase un modelo mixto que consiste no seu traslado ao que denominamos residencia integrada. Estas residencias son espazos destinados ao seguimento e tratamento das persoas coa infección ocasionada pola covid-19 paucisintomáticas ou con sintomatoloxía leve nas que non é necesaria a hospitalización.

O obxectivo destas residencias é preservar aos residentes dos centros de orixe dun posible contaxio e agrupar os casos confirmados da infección ocasionada pola covid-19. Nestes centros, a Consellería de Sanidade asume o control total tanto da asistencia sanitaria como da xestión. Este modelo de residencias integradas foi pioneiro en España  e posteriormente implementado noutros territorios.

Por outra banda, Galicia foi unha das primeiras comunidades en intervir residencias. A Consellería de Sanidade conxuntamente coa Consellería de Política Social definiu o modelo de residencia intervida como aquela na que o Sergas asume ou apoia no control sanitario,

CSV: BOPGDSPGcUMTsdwTO7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias

polo que está sometida a unha supervisión continua durante o período que dura a intervención. Deste xeito a persoa encargada de organizar esta intervención é o xerente da área sanitaria.

Esta intervención faise só nos casos nos que o recomenda a autoridade sanitaria.

No caso de centros xa intervidos, a Xunta de Galicia tomou as decisións con total rapidez, e interviñéronse exclusivamente pola súa situación sanitaria ou asistencial, independentemente de cal fose a súa titularidade**“.**

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CSV: BOPGDSPGcUMTSdwTO7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Xacobeo 21·22

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/09/2021 11:51:34
Nº Rexistro: 21352
Data envio: 10/09/2021 11:51:34.667

**Asinado dixitalmente por:**

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 10/09/2021 11:51:31**

CSV: BOPGDSPGcUMTsdwTO7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/09/2021 11:51:07
Nº Rexistro: 21349
Data envio: 10/09/2021 11:51:07.449
Data 10/09/2021 11:51

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 8509**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Olalla Rodil Fernández, e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"as medidas previstas polo Goberno galego para garantir a atención das persoas dependentes ao cargo de familias monoparentais na actual situación de pandemia"**, (publicada no BOPG número 84 do 28 de xaneiro de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo 2021), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social,** que ten o seguinte contido:

**"**O Goberno galego puxo en marcha o Plan de recuperación de Galicia 2020. Un plan que abrangue dous enfoques, a través de 33 medidas elaboradas pola consellería de Política Social para a atención da vulnerabilidade das familias galegas. Por unha banda, dun xeito paliativo, atende de maneira inmediata as necesidades sobrevidas e, pola outra, traballa en clave preventiva ante posibles réplicas da situación de emerxencia e que puideran dar lugar á intensificación das problemáticas detectadas.

Na área de coidados e conciliación (infancia e dependencia), puxéronse en marcha as seguintes medidas a disposición de todas as familias galegas que o precisaran:

1. Exención das cotas de escola infantil e centros de día ás familias:

Coa suspensión da actividade en escolas infantís e centros de día as familias deixaron de beneficiarse destes servizos. A Xunta decidiu asumir as cotas que pagaban todas estas familias en escolas infantís (públicas, concertadas e de iniciativa social), centros de día de maiores públicos, centros de día de atención ao alzhéimer, e centros de día e ocupacionais para persoas con discapacidade (tanto públicos como de iniciativa social).

Por outra banda, relacionado tamén coas escolas infantís, para aquelas familias con cativos matriculados nestes centros que deixaron de contar co servizo de comedor, creouse unha bolsa de comedor ou axuda económica para contribuír aos gastos de manutención durante estes meses.

CSV: BOPGDSPGcUMTsdwTO7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Xacobeo 21·22

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/09/2021 11:51:07
Nº Rexistro: 21349
Data envio: 10/09/2021 11:51:07.449

2. Servizo de Axuda no Fogar extraordinario:

Con esta medida as persoas con necesidades de apoio urxente puideron contar coa axuda dun coidador a domicilio. Froito da situación de excepcionalidade a Xunta decidiu asumir a parte que pagaba o usuario, de maneira que fose un servizo 100% gratuíto para o mesmo. Ademais, tampouco se requiriu unha valoración de dependencia previa.

3. Extensión do programa Xantar na Casa:

O Xantar na casa é un programa, cun éxito máis que contrastado, que axuda ás persoas maiores sen unha rede familiar de apoio a comer san e equilibrado todos os días da semana. A Xunta de Galicia, en colaboración cos concellos, achégalles ás persoas beneficiarias deste programa un menú para os sete días da semana.

Así mesmo, ante a emerxencia sanitaria decidiu estender o servizo para beneficiar a máis de 550 persoas maiores que non eran usuarias antes da pandemia.

4. Bono Coidado Extraordinario para a infancia:

A Xunta habilitou un Bono de 500€ ao mes pensado para favorecer a conciliación de familias con nenas e nenos de ata 12 anos. Estas mensualidades ían dirixidas á contratación dunha empresa que ofreza servizos de atención a domicilio ou para costear o salario dunha persoa empregada no fogar que coide aos pequenos da casa.

5. Bono Coidado Extraordinario para a dependencia:

Bono de 500€ ao mes pensado para a conciliación de familias con persoas dependentes ao cargo (concretamente, persoas maiores ou con discapacidade que acudían a un centro de día ou ocupacional). Estas mensualidades ían dirixidas á contratación dunha empresa que ofreza servizos de atención a domicilio ou para costear o salario dunha persoa empregada no fogar que coide á persoa con dependencia. Este bono contou cun presuposto de 10,8 M€.

6. Atención terapéutica para persoas dependentes:

Medida deseñada para aquelas persoas dependentes que visen interrompida a súa atención terapéutica polo peche dos centros de día e centros ocupacionais. A Xunta colaborou no pagamento de sesións de terapias de estimulación e rehabilitación para frear o deterioro físico e cognitivo destas persoas.

CSV: BOPGDSPGcUMTsdwTO7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Xacobeo 21·22

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/09/2021 11:51:07
Nº Rexistro: 21349
Data envío: 10/09/2021 11:51:07.449

7. Liña de axudas para escolas infantís privadas e centros de día privados:

Cun orzamento de 10 millóns de euros, a Xunta de Galicia apoia ás entidades e empresas prestadoras de servizos tan esenciais como a atención a infancia e ás persoas maiores, contribuíndo a facer fronte aos custes fixos que deben asumir durante a suspensión da actividade.

Por outro lado, Galicia leva máis de dez anos introducindo melloras no campo dos coidados ás persoas con discapacidade. Neste tempo, entre outras actuacións:

- Somos a Comunidade Autónoma que máis aposta polos asistentes persoais, que exercen un labor fundamental de apoio ás persoas con discapacidade. De feito, a contía media que achega a Xunta para a contratación dun asistente persoal ascende a 1.500€.

- No 2019 aumentamos un 15% as axudas a aquelas persoas con discapacidade que precisen dun asistente persoal.

Hoxe en Galicia as persoas dependentes e con discapacidade, así como as súas familias teñen máis apoios que nunca. O noso compromiso como Goberno é seguir avanzando na mellora da calidade de vida deste colectivo**".**

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CSV: BOPGDSPGcUMTSdwTO7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Xacobeo 21·22

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/09/2021 11:51:07
Nº Rexistro: 21349
Data envío: 10/09/2021 11:51:07.449

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 10/09/2021 11:51:04

CSV: BOPGDSPGcUMTsdwTO7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 8591**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Pablo Arangüena Fernández e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"o mecanismo de compensación económica establecido ou previsto polo Goberno galego para as m ariscadoras e os mariscadores da ría da Coruña afectados pola suspensión da súa actividade durante a execución dos traballos de rexeneración"**, (publicada no BOPG número 84 do 28 de xaneiro de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2021, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

**"**O contido da resposta da Xunta de Galicia a esta pregunta xa foi tratado polo Goberno no seo da Comisión 8ª de Pesca e Marisqueo, celebrada o 4 de febreiro de 2021, no debate da iniciativa con número de rexistro, 8253.

O vídeo da sesión pode consultarse no seguinte enlace:

http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/comision-8-pesca-marisqueo-2021-02-04?part=9d6a1808-a8e1-46df-819c-257db03eaa38&start=3627

Na devandita sesión, o Goberno informou sobre a pregunta plantexada nesta iniciativa referidas á opinión do Goberno galego da necesidade de compensar economicamente

CSV: BOPGDSPGcUMTsdwTO7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Xacobeo 21·22



DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 03/09/2021 12:25:36

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/09/2021 12:25:42
Nº Rexistro: 21000
Data envio: 03/09/2021 12:25:42.471

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias

ao sector marisqueiro e a confraría da Coruña mentres duren as obras de dragaxe da ría do Burgo**".**

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CSV: BOPGDSPGcUMTsdwTO7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Xacobeo 21·22

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/09/2021 12:25:42
Nº Rexistro: 21000
Data envio: 03/09/2021 12:25:42.471

**Asinado dixitalmente por:**

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 03/09/2021 12:25:36**

CSV: BOPGDSPGcUMTsdwTO7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/09/2021 10:00:33
Nº Rexistro: 20977
Data envio: 03/09/2021 10:00:33.268

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 8613**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Paloma Castro Rey, e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"a opinión do Goberno galego respecto das condicións que reúnen as dependencias do Xulgado vello da Parda, en Pontevedra, para as vítimas de violencia de xénero"**, (publicada no BOPG número 84 do 28 de xaneiro de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo 2021), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Vicepresidencia Primera e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo,** que ten o seguinte contido:

**"**Desde a Xunta de Galicia, na medida en que a capacidade actual das infraestruturas o permite, estanse a levar a cabo en diversas sedes xudiciais o acondicionamento de espazos que impidan que a vítima se atope co seu agresor.

Pero en todo no entendemento de que, de non existir un espazo propio pola previa e completa ocupación do edificio, existen medidas de carácter organizativo que poden e deben adoptar as autoridades xudiciais para reforzar esta previsión á hora de acordar unha determinada dilixencia xudicial, así como usos de actuación das forzas e corpos de seguridade e dos propios funcionarios xudiciais, para preservar a intimidade das vítimas en espazos diferenciados do edificio xudicial e así evitar a confrontación visual entre agresor e vítima.

O segundo edificio do complexo xudicial da Parda de Pontevedra supuxo duplicar o espazo anteriormente dispoñible para os servizos xudiciais, así como permitiu unha nova redistribución para adecuar as estancias, como foi o que aconteceu coa sala de agarda para as vítimas de violencia de xénero ao carón do Xulgado de Instrución N.º 3 e do Xulgado do Penal N.º 4 (ambos especializados en violencia de xénero), sendo substituída a anterior sala de agarda por unha nova estancia de 17 metros cadrados dedicada en exclusiva para a agarda das vítimas de violencia de xénero na planta 2ª do edificio que

CSV: BOPGDSPGcUMTsdwTO7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/


DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 03/09/2021 10:00:29

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias

alberga os xulgados especializados de violencia de xénero, dependencias que están operativas e amobladas como corresponde ao seu destino.

A isto cómpre engadir a existencia doutra sala de espera xeral na mesma planta (para cidadáns e profesionais), de xeito que se garanta que non coincidan vítima e agresor cando acoden ás dependencias xudiciais, e sen prexuízo do que dispoña a autoridade xudicial para o desenvolvemento da actuación xudicial**".**

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CSV: BOPGDSPGcUMTsdwTO7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Xacobeo 21·22

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/09/2021 10:00:33
Nº Rexistro: 20977
Data envio: 03/09/2021 10:00:33.268

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 03/09/2021 10:00:29

CSV: BOPGDSPGcUMTsdwTO7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/09/2021 13:36:28
Nº Rexistro: 21309
Data envio: 09/09/2021 13:36:28.856

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 8646**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Luís Bará Torres e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"as actuacións previstas polo Goberno galego tendentes a dar cumprimento ao convenio do ano 2009 para a mellora dos accesos e do vial dos portos do Covelo e Raxó"**, (publicada no BOPG número 84 do 28 de xaneiro de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2021, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

**"**O contido da resposta da Xunta de Galicia a esta pregunta xa foi tratado polo Goberno no seo da Comisión 8ª de Pesca e Marisqueo, celebrada o 1 de xuño de 2021, no debate da iniciativa con número de rexistro, 15488.

O vídeo da sesión pode consultarse no seguinte enlace:

http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/comision-8-pesca-marisqueo-2021-06-01?part=0f08355d-b8cd-41dc-9568-be38891f14f8&start=4640

Na devandita sesión, o Goberno informou sobre as preguntas plantexadas nesta iniciativa referidas ao acondicionamento da contorna do paseo marítimo de Covelo en Raxó**"**.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CSV: BOPGDSPGcUMTsdwTO7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Xacobeo 21·22



DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 09/09/2021 13:36:25

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/09/2021 13:36:28
Nº Rexistro: 21309
Data envio: 09/09/2021 13:36:28.856

**Asinado dixitalmente por:**

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 09/09/2021 13:36:25**

CSV: BOPGDSPGcUMTsdwTO7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/09/2021 13:22:18
Nº Rexistro: 20917
Data envío: 02/09/2021 13:22:18.909

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 8677**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Noa Susana Díaz Varela, deputadas e deputado, e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"a valoración polo Goberno galego da necesidade de apertura dun centro de día ou espazo similar no concello de Touro"**, (publicada no BOPG número 84 do 28 de xaneiro de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo 2021), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social,** que ten o seguinte contido:

**"**Informar que publicouse a orde de axudas para dar continuidade ás 20 casas do maior en funcionamento na actualidade, para o cal se destinaron 515.000 euros. Deste modo, a Xunta de Galicia segue a apostar por estes pequenos centros de día no rural que atenden a máis de 100 persoas maiores que teñen acceso a unha atención individualizada no seu entorno.

Actualmente están en funcionamento 20 casas do maior repartidas polas catro provincias. Delas, 12 se sitúan nos concellos ourensáns de Punxín, Piñor, A Veiga, Laza, Castrelo de Miño, Os Blancos, Sarreaus, Cenlle, A Gudiña, Xunqueira de Espadañedo e Xunqueira de Ambía.

Na provincia de Lugo hai tres destes centros, dous no concello de As Nogais e un en Portomarín. Na provincia de A Coruña sitúanse nos municipios de Laxe, Santiso e Monfero. En canto á provincia de Pontevedra, hai dúas casas do maior en funcionamento: unha no concello de Arbo e outra en Pazos de Borbén.

CSV: BOPGDSPGcUMTSdwTO7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Xacobeo 21·22





DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 02/09/2021 13:22:14

Xunta multiplicará por cinco este ano a cobertura das casas do maior ata chegar a preto de 100 en toda a comunidade. Estes pequenos centros de día no rural, totalmente gratuítos para os usuarios, ofrecen un lugar de atención e coidado diúrno ás persoas maiores**".**

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CSV: BOPGDSPGcUMTsdwTO7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/09/2021 13:22:18
Nº Rexistro: 20917
Data envio: 02/09/2021 13:22:18.909

**Asinado dixitalmente por:**

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 02/09/2021 13:22:14**

CSV: BOPGDSPGcUMTsdwTO7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 8895**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Juan Carlos Francisco Rivera, e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"as medidas previstas polo Goberno galego para garantir o acceso da cidadanía á xustiza, ante a parálise absoluta dos xulgados de Verín, a consecuencia da detección de casos de covid-19"**, (publicada no BOPG número 88 do 3 de febreiro de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo 2021), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Vicepresidencia Primera e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo, que ten o seguinte contido:**

**"**Existe un protocolo establecido para que no caso de contaxios do persoal dun determinado órgano xudicial, a actividade do xulgado non se vexa paralizada.

Concretamente no que atinxe á situación dos xulgados de Verín en xaneiro deste ano, unha vez foi comunicada á Administración a existencia de positivos, activouse o protocolo de actuación no caso de positivo ou de illamento por covid-19 na Administración de xustiza, reforzouse a desinfección das dependencias de ambos os dous xulgados, fixéronse as oportunas comunicacións á autoridade sanitaria que acordou un cribado do persoal, e mais ao abeiro do artigo 21 da Lei 3/2020 a secretaria coordinadora provincial acordou a asignación de funcións para garantir a prestación do servizo de garda.

En definitiva, existiu dispoñibilidade de persoal para a realización das actuacións xudiciais e se adoptaron as medidas preventivas e de desinfección segundo os protocolos.

CSV: BOPGDSPGcUMTsdwTO7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Xacobeo 21·22


DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 02/09/2021 13:22:03

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/09/2021 13:22:08
Nº Rexistro: 20916
Data envio: 02/09/2021 13:22:08.956



Como vén mantendo o presidente do TSXG, "os órganos xudiciais son un espazo seguro onde non se producen contaxios, sendo que os casos de contaxios detectados se producen fóra da contorna das oficinas xudiciais**".**

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CSV: BOPGDSPGcUMTsdwTO7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/09/2021 13:22:08
Nº Rexistro: 20916
Data envio: 02/09/2021 13:22:08.956

**Asinado dixitalmente por:**

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 02/09/2021 13:22:03**

CSV: BOPGDSPGcUMTsdwTO7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/09/2021 12:58:10
Nº Rexistro: 21049
Data envio: 06/09/2021 12:58:10.811
Data 06/09/2021 12:58

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 8903**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Iago Tabarés Pérez e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"as xestións ou propostas realizadas polo Goberno galego para a ampliación da planta xudicial de Ourense co fin de diminuír a taxa de conxestión e os prazos de resolución dos procedementos en materia de familia"**, (publicada no BOPG número 88 do 3 de febreiro de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo 2021), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo,** que ten o seguinte contido:

**"**A competencia para aumentar o número de unidades establecidas na Lei de demarcación e planta xudicial é unha competencia que lle corresponde ao Goberno da Nación.

A intervención da Comunidade Autónoma afectada vén circunscrita a ser oída, como tamén é oído o Consello Xeral do Poder Xudicial, e finalmente o Goberno da Nación é quen decide sobre a creación (apartado 1 do artigo 20 da Lei de demarcación e planta xudicial). Así, para a programación 2021, na cal o Ministerio de Xustiza asignou á Comunidade Autónoma de Galicia a creación de 3 unidades, consensuouse de xeito unánime co Tribunal Superior solicitar que unha delas sexa precisamente unha de maxistrado para a Sección Civil da Audiencia Provincial de Ourense, e así foi trasladado pola Xunta de Galicia ao Ministerio de Xustiza o pasado 2 de marzo.

Ademais da creación de xulgados no marco da programación ministerial, existen tamén outros órganos cunha elevada carga de asuntos, como sería o caso do Xulgado de Familia de Ourense, de xeito que naqueles casos en que o Tribunal Superior de Xustiza ten acordado un plan para reforzar os órganos que así o precisan, a Xunta de Galicia apoia o dito plan autorizando persoal auxiliar ao servizo da Administración de xustiza: así se vén

CSV: BOPGDSPGcUMTsdwTO7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/



Xacobeo 21·22



DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 06/09/2021 12:58:04

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

facendo no devandito Xulgado de Primeira Instancia Nº. 6, que conta, a maiores do seu cadro de persoal, con 4 funcionarios máis para axilizar o seu funcionamento.

En definitiva: as cuestións de índole organizativa sobre a prestación do servizo corresponden ás autoridades funcionais en cumprimento das atribucións previstas na Lei orgánica do poder xudicial; e no que atinxe ás decisións sobre a creación de novos xulgados, analízanse co Tribunal Superior -no que se atopan os máximos representantes do Poder Xudicial en Galicia, que ofrecen unha visión global e conxunta de todas as necesidades do territorio para unha priorización obxectiva-, froito da cal é a proposta de creación de unidades xudiciais, e sen prexuízo de que para aqueles órganos xudiciais que presentan unha considerable carga de traballo, previo acordo coas autoridades do Poder Xudicial, arbítranse plans de reforzo aos que  a Xunta de Galicia apoia cos seus recursos propios (persoal auxiliar, mobiliario, equipamento informático...)**".**

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CSV: BOPGDSPGcUMTsdwTO7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Xacobeo 21·22

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/09/2021 12:58:10
Nº Rexistro: 21049
Data envio: 06/09/2021 12:58:10.811

**Asinado dixitalmente por:**

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 06/09/2021 12:58:04**

CSV: BOPGDSPGcUMTsdwTO7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/09/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 21318
Data envio: 09/09/2021 14:15:36.981

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 8910**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Rosana Pérez Fernández e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"as actuacións levadas a cabo ou previstas pola Xunta de Galicia para garantir as necesarias compensacións económicas ao sector marisqueiro e á Confraría da Coruña durante a execución das obras de dragaxe da ría do Burgo"**, (publicada no BOPG número 88 do 3 de febreiro de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2021, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

**"**O contido da resposta da Xunta de Galicia a esta pregunta xa foi tratado polo Goberno no seo da Comisión 8ª de Pesca e Marisqueo, celebrada o 4 de febreiro de 2021, no debate da iniciativa con número de rexistro, 8253, presentada polo mesmo grupo parlamentario. O vídeo da sesión pode consultarse no seguinte enlace:

http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/comision-8-pesca-marisqueo-2021-02-04?part=9d6a1808-a8e1-46df-819c-257db03eaa38&start=3627

Na devandita sesión, o Goberno informou sobre a pregunta plantexada nesta iniciativa referida á necesidade de compensar economicamente o sector marisqueiro e a confraría da Coruña mentres duren as obras de dragaxe da ría do Burgo**"**.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CSV: BOPGDSPGcUMTsdwTO7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Xacobeo 21·22



DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 09/09/2021 14:15:33

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/09/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 21318
Data envio: 09/09/2021 14:15:36.981

**Asinado dixitalmente por:**

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 09/09/2021 14:15:33**

CSV: BOPGDSPGcUMTsdwTO7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 8917**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e don Juan Carlos Francisco Rivera, sobre **"as previsións da Xunta de Galicia respecto da elaboración dun plan de actuación contra a pobreza e a exclusión social para reverter a situación dos fogares galegos"** (publicada no BOPG número 88 do 3 de febreiro de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo 2021), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social,** que ten o seguinte contido:

"Desde a consellería de Política Social se puxo en marcha o Plan de recuperación social de Galicia 2020 para a atención da vulnerabilidade. Este plan abrangue, a través de 33 medidas, dous enfoques. Por unha banda, dun xeito paliativo, atende de maneira inmediata as necesidades sobrevidas e, pola outra, traballa en clave preventiva ante posibles réplicas da situación de emerxencia e que puideran dar lugar á intensificación das problemáticas detectadas.

As consecuencias desta pandemia impactaron sobre a forma de vida de moitas galegas e galegos, con especial virulencia sobre os fogares máis vulnerables. Cando maior é a necesidade, maior será o compromiso da Xunta de Galicia. Para instrumentalo, a Dirección Xeral de Inclusión Social conta con 125,5 millóns de euros en 2021, un 4,5% máis que no 2020.

Co investimento récord da Xunta en inclusión social blíndase o orzamento destinado á RISGA: 64,4 millóns de euros. Trátase dunha aposta estratéxica por reforzar a nosa renda básica, nun contexto onde as prestacións de inclusión social de toda España están a reorganizarse pola posta en marcha do Ingreso Mínimo Vital.

Aínda que a súa implantación está a ser máis accidentada do desexable —pola cerrazón do Goberno central a valorar os modelos de xestión que lle propuxemos as comunidades—, o Ingreso Mínimo Vital supón un cambio radical no mapa das axudas sociais en España.

CSV: BOPGDSPGcUMTsdwTO7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Xacobeo 21·22

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias

Con estes 64,4 millóns de euros que se blindan para a RISGA preténdense cumprir tres metas: primeiro, como é natural, seguirlla ofrecendo aos galegos que necesiten cobrar esta prestación; segundo, reorientar unha parte do seu orzamento a garantir que o Ingreso Mínimo Vital vaia asociado á integración sociolaboral, unha condicionalidade que a día de hoxe non existe; e terceiro, en caso de que haxa remanentes, asegurar que se estes se destinarán a cubrir as necesidades das familias máis necesitadas.

Para modernizar e axilizar os recursos á disposición das familias máis vulnerables, neste 2021 comezarán os traballos para a reforma da Lei de inclusión social de Galicia, que por suposto será deseñada en estreita colaboración cos profesionais que traballan sobre o terreo.

Tanto nesta mellora legal como na actualización da Axenda Social Única de Galicia debemos deixar as nosas diferenzas a un lado e traballar xuntos para consolidar unha Galicia na que ningúen quede atrás**".**

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CSV: BOPGDSPGcUMTsdwTO7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Xacobeo 21·22

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/09/2021 12:47:07
Nº Rexistro: 21370
Data envio: 10/09/2021 12:47:07.089

**Asinado dixitalmente por:**

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 10/09/2021 12:47:03**

CSV: BOPGDSPGcUMTsdwTO7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/09/2021 12:34:28
Nº Rexistro: 21223
Data envio: 08/09/2021 12:34:28.284
Data 08/09/2021 12:34

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 8942**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Ana Belén Pontón Mondelo , e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"a planificación do Goberno galego para a vacinación fronte á covid-19 das traballadoras e persoas usuarias do servizo de axuda no fogar, así como para a dos centros de día e discapacidade"**, (publicada no BOPG número 84 do 28 de xaneiro de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo 2021), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social,** que ten o seguinte contido:

**"**Unha vez rematada a campaña de vacinación contra a covid centrada no colectivo prioritario: os usuarios e traballadores das residencias de maiores e persoas con discapacidade, procedeuse a vacinar contra a covid-19 aos profesionais do Servizo de Axuda no Fogar así como aos profesionais dos centros de día. As consellerías de Política Social e Sanidade deseñaron a loxística da vacinación destes colectivos, no caso do SAF en colaboración coa Fegamp**".**

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CSV: BOPGDSPGcUMTsdwTO7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Xacobeo 21·22

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/09/2021 12:34:28
Nº Rexistro: 21223
Data envio: 08/09/2021 12:34:28.284

**Asinado dixitalmente por:**

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 08/09/2021 12:34:23**

CSV: BOPGDSPGcUMTsdwTO7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/09/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 21317
Data envio: 09/09/2021 14:15:28.590

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 8970**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Rosana Pérez Fernández e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"a postura do Goberno galego respecto do establecemento dun acordo con todas as administracións implicadas no proxecto de dragaxe ambiental da ría do Burgo e coa confraría de pescadores da Coruña para garant irlles as necesarias compensacións económicas ás persoas afectadas pola suspensión da actividade extractiva e posibilitar a súa continuidade ao remate das obras"**, (publicada no BOPG número 88 do 3 de febreiro de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2021, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

**"**O contido da resposta da Xunta de Galicia a esta pregunta xa foi tratado polo Goberno no seo da Comisión 8ª de Pesca e Marisqueo, celebrada o 4 de febreiro de 2021, no debate da iniciativa con número de rexistro, 8253, presentada polo mesmo grupo parlamentario. O vídeo da sesión pode consultarse no seguinte enlace:

http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/comision-8-pesca-marisqueo-2021-02-04?part=9d6a1808-a8e1-46df-819c-257db03eaa38&start=3627

Na devandita sesión, o Goberno informou sobre a pregunta plantexada nesta iniciativa referida á necesidade de compensar economicamente o sector marisqueiro e a confraría da Coruña mentres duren as obras de dragaxe da ría do Burgo**"**.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CSV: BOPGDSPGcUMTsdwTO7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Xacobeo 21·22





DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 09/09/2021 14:15:25

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/09/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 21317
Data envio: 09/09/2021 14:15:28.590

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 09/09/2021 14:15:25

CSV: BOPGDSPGcUMTsdwTO7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/09/2021 12:04:50
Nº Rexistro: 21131
Data envío: 07/09/2021 12:04:50.128
Data 07/09/2021 12:04

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Ref. mv

En relación coa pregunta con resposta oral -a tramitar polo Pleno- **número 9073,** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Noa Díaz Varela e don Luís Manuel Álvarez Martínez, sobre **"as previsións da Secretaría Xeral de Universidades para a difusión dos criterios referidos aos novos títulos de doutoramento das universidades públicas galegas"**, (publicada no BOPG número 88 do 3 de febreiro de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2021, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Cultura, Educación e Universidade,** que ten o seguinte contido:

"A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida ao Parlamento de Galicia en resposta por escrito á pregunta con número 9075 e publicada no BOPG número 124, de data 15/04/2021 á que nos remitimos."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

*(ASINADO DIXITALMENTE)*

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CSV: BOPGDSPGcUMTsdwTO7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Xacobeo 21·22



DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 07/09/2021 12:04:47

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/09/2021 12:04:50
Nº Rexistro: 21131
Data envio: 07/09/2021 12:04:50.128

**Asinado dixitalmente por:**

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 07/09/2021 12:04:47**

CSV: BOPGDSPGcUMTsdwTO7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/09/2021 09:36:52
Nº Rexistro: 21102
Data envio: 07/09/2021 09:36:52.566

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 9289**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Iago Tabarés Pérez-Piñeiro e don Xosé Luis Bará Torres, sobre **"as actuacións do Goberno galego en relación á elaboración e aprobación inicial da relación de postos de traballo do persoal ao servizo da Administración de xustiza en Galicia"**, (publicada no BOPG número 88 do 3 de febreiro de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo 2021), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Vicepresidencia Primera e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo,** que ten o seguinte contido:

**"**O pasado mes de abril o Consello de Ministros aprobou o Anteproxecto de Lei Orgánica de Eficiencia Organizativa do Servizo Público de Xustiza, pola que se modifica a Lei Orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do Poder Xudicial, para a implantación dos Tribunais de Instancia e as Oficinas de Xustiza nos municipios, iniciativa impulsada polo Ministerio de Xustiza.

boración e aprobación da relación de postos de traballo nas oficinas xudiciais en Galicia virán condicionadas polas modificacións que a dita iniciativa ministerial proxecta e que afectan á organización dos órganos xudiciais ao redefinir a Oficina xudicial e as unidades e servizos que desenvolven a actividade xudicial.

Haberá que estar ao camiño da iniciativa lexislativa estatal sobre a reorganización da Xustiza e, en concreto, da Oficina xudicial, e ata entón non é desexable adiantar criterios que poderían verse afectados polo deseño e liñas xerais que finalmente determinen o proxecto do Goberno Central**".**

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CSV: BOPGDSPGcUMTsdwTO7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Xacobeo 21·22





DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 07/09/2021 09:36:44

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/09/2021 09:36:52
Nº Rexistro: 21102
Data envío: 07/09/2021 09:36:52.566

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 07/09/2021 9:36:44

CSV: BOPGDSPGcUMTsdwTO7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/09/2021 12:34:19
Nº Rexistro: 21222
Data envío: 08/09/2021 12:34:19.206

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 9378**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Olalla Rodil Fernández, e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"o prazo previsto pola Xunta de Galicia para a aprobación do decreto de creación do Consello Galego de Participación Infantil e Adolescente"**, (publicada no BOPG número 91 do 10 de febreiro de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo 2021), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social,** que ten o seguinte contido:

**"**A participación dos nenos e nenas recoñécese na Convención sobre os Dereitos do Neno, aprobado pola Asemblea Xeral das Nacións Unidas o 20 de novembro de 1989 e ratificada polas Cortes Xerais do Estado o 30 de novembro de 1990. No seu artigo 12, recoñece o dereito da infancia a expresar a súa opinión en todos os asuntos que lles afecten, de xeito que as súas opinión poden ser tidas en conta. Tamén fan referencia a este dereito os artigos 13 (dereito á liberdade de expresión), 15 (dereito á liberdade de asociación) e 17 (dereito ao acceso á información adecuada) da Convención.

Neste marco é clave por en marcha mecanismos cos que poder recoñecer o protagonismo social da nosa infancia, e a consellería de Política Social traballa intensamente para facer efectivo este dereito.

Así o 8 e 9 de xuño de 2019 celebrouse en Castrelo de Miño o I Encontro Autonómico de Consellos de participación infantil e adolescente de Galicia, o que podemos considerar como o embrión do Consello Galego Autonómico de Participación

Cómpre recordar neste ámbito que dende a Xunta de Galicia promóvese, en colaboración con UNICEF, a formación nos distintos concellos para a acreditación como Cidades Amigas

CSV: BOPGDSPGcUMTsdwTO7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Xacobeo 21·22



DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 08/09/2021 12:34:14

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

galicia

da Infancia (CAI), como foco central no que desenvolver políticas proactivas á participación infantil. Froito desta colaboración, na última convocatoria para acadar este selo de CAI, foron acreditados 8 novos concellos, sumando xa 9 concellos en Galicia con esta acreditación.

Debido á situación sanitaria provocada pola pandemia da covid-19, non foi posible reproducir este encontro no ano 2020, pero confiamos en poder repetir a experiencia no exercicio actual, tendo claro que este Encontro de Participación Infantil é o xerme do que será o Consello Galego de Participación Infantil.

Neste sentido, o obxectivo do Goberno galego é tramitar neste ano 2021 o decreto de creación deste órgano de Participación Infantil, como xa lle foi trasladado ás organizacións representativas deste sector**".**

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CSV: BOPGDSPGcUMTsdwTO7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Xacobeo 21·22

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/09/2021 12:34:19
Nº Rexistro: 21222
Data envio: 08/09/2021 12:34:19.206

**Asinado dixitalmente por:**

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 08/09/2021 12:34:14**

CSV: BOPGDSPGcUMTsdwTO7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/09/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 21316
Data envio: 09/09/2021 14:15:20.918
Data 09/09/2021 14:15

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 9428**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Paulo Ríos Santomé, e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"as previsións da Xunta de Galicia respecto da restitución do carácter público do servizo de transporte marítimo de viaxeiros na ría de Vigo"**, (publicada no BOPG número 91 do 10 de febreiro de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2021, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

**"**O contido da resposta da Xunta de Galicia a esta pregunta xa foi tratado polo Goberno no seo da Comisión 2ª de Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos celebrada o 3 de febreiro de 2021, no debate da iniciativa con número de rexistro, 9426, presentada polo mesmo grupo parlamentario. O vídeo da sesión pode consultarse no seguinte enlace:

http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/comision-2-ordenacion-territorial-obras-publicas-medio-ambiente-servizos-2021-03-03?part=14190759-5a69-4ff0-b9ae-981603e196f3&start=2685

Na devandita sesión, o Goberno informou sobre a pregunta plantexada nesta iniciativa referidas á valoración do Goberno galego sobre a calidade do servizo de transporte marítimo de viaxeiros que se está a prestar na ría de Vigo**"**.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CSV: BOPGDSPGcUMTsdwTO7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Xacobeo 21·22


DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 09/09/2021 14:15:17

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/09/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 21316
Data envio: 09/09/2021 14:15:20.918

**Asinado dixitalmente por:**

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 09/09/2021 14:15:17**

CSV: BOPGDSPGcUMTsdwTO7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/09/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 21315
Data envio: 09/09/2021 14:15:12.825
Data 09/09/2021 14:15

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 9470**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Rosana Pérez Fernández e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"as actuacións que vai levar a cabo o Goberno galego para evitar os conflitos que se veñen producindo entre mexilloeiros e percebeiros por mor da extracción da semente do mexillón en bancos naturais"**, (publicada no BOPG número 91 do 10 de febreiro de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2021, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

**"**O contido da resposta da Xunta de Galicia a esta pregunta xa foi tratado polo Goberno no seo da Comisión 8ª de Pesca e Marisqueo, celebrada o 19 de maio de 2021, no debate da iniciativa con número de rexistro, 14474.

O vídeo da sesión pode consultarse no seguinte enlace:

http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/comision-8-pesca-marisqueo-2021-05-19?part=ce5ffed4-6bdf-4bbe-a51b-b4037051886c&start=4238

Na devandita sesión, o Goberno informou sobre as preguntas plantexadas nesta iniciativa referidas á extracción da mexilla**"**.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CSV: BOPGDSPGcUMTsdwTO7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Xacobeo 21·22



DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 09/09/2021 14:15:09

**Asinado dixitalmente por:**

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 09/09/2021 14:15:09**

CSV: BOPGDSPGcUMTsdwTO7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/09/2021 12:04:06
Nº Rexistro: 21127
Data envío: 07/09/2021 12:04:06.800

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias

Ref. mv

En relación coa pregunta con resposta oral -a tramitar polo Pleno- **número 9667,** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Noa Díaz Varela e don Luís Manuel Álvarez Martínez, sobre **"as razóns do Goberno galego para investir 1,5 millóns de euros na serie 3 Caminos, sen exixir a súa dobraxe á lingua galega"**, (publicada no BOPG número 91 do 10 de febreiro de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2021, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Cultura, Educación e Universidade,** que ten o seguinte contido:

"A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida ao Parlamento de Galicia en resposta oral á pregunta con número 9666 debatida na Comisión 4ª o día 26 de marzo de 2021; á que nos remitimos porque ofrece información sobre a serie 3 Camiños e as condicións fixadas na orde de subvención publicada o 28 de xuño de 2018.

O debate pode ser consultado no seguinte enlace:

http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/comision-4-educacion-cultura-2021-03-26?part=81fb4299-8653-4d6d-84cc-853107b580cd&start=1627."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

*(ASINADO DIXITALMENTE)*

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CSV: BOPGDSPGcUMTsdwTO7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Xacobeo 21·22





DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 07/09/2021 12:04:03

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/09/2021 12:04:06
Nº Rexistro: 21127
Data envio: 07/09/2021 12:04:06.800

**Asinado dixitalmente por:**

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 07/09/2021 12:04:03**

CSV: BOPGDSPGcUMTsdwTO7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/09/2021 17:02:28
Nº Rexistro: 21082
Data envío: 06/09/2021 17:02:28.858

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias

Ref. mv

En relación coa pregunta con resposta oral -a tramitar polo Pleno- **número 9873,** formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Mercedes Queixas Zas, e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"o nomeamento do posto de dirección e o impulso ao proxecto do Centro Galego das Artes da Imaxe"**, (publicada no BOPG número 91 do 10 de febreiro de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2021, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Cultura, Educación e Universidade,** que ten o seguinte contido:

"A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida ao Parlamento de Galicia en resposta oral á pregunta con número 9870 e debatida na Comisión 4ª o 3 de marzo de 2021; á que nos remitimos porque explica todas as cuestións relativas á dirección do Centro Galego das Artes da Imaxe, así como ao proxecto da Xunta de Galicia para este centro de referencia".

O debate pode ser consultado no seguinte enlace:

http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/comision-4-educacion-cultura-2021-03-26?part=81fb4299-8653-4d6d-84cc-853107b580cd&start=3049."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
*(ASINADO DIXITALMENTE)*

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CSV: BOPGDSPGcUMTsdwTO7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Xacobeo 21·22



DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 06/09/2021 17:02:24

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/09/2021 17:02:28
Nº Rexistro: 21082
Data envio: 06/09/2021 17:02:28.858

**Asinado dixitalmente por:**

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 06/09/2021 17:02:24**

CSV: BOPGDSPGcUMTsdwTO7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 9890**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Rosana Pérez Fernández e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"a consideración pola Xunta de Galicia de que os fondos europeos Next Generation sirvan para potenciar os sectores produtivos do noso país e nomeadamente o sector do mar"**, (publicada no BOPG número 91 do 10 de febreiro de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2021, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

**"**O contido da resposta da Xunta de Galicia a esta pregunta xa foi tratado polo Goberno no seo da Comisión 8ª de Pesca e Marisqueo, celebrada o 18 de febreiro de 2021, no debate da iniciativa con número de rexistro, 9887, presentada polo mesmo grupo parlamentario.

O vídeo da sesión pode consultarse no seguinte enlace:

http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/comision-2021-02-18?part=df52d3e6-1c85-4bee-a72a-216a4e03bff8&start=4385

Na devandita sesión, o Goberno informou sobre as preguntas plantexadas nesta iniciativa referidas aos fondos europeos Next Generation**"**.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CSV: BOPGDSPGcUMTsdwTO7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Xacobeo 21·22



DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 09/09/2021 14:15:01

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/09/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 21314
Data envio: 09/09/2021 14:15:04.903

**Asinado dixitalmente por:**

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 09/09/2021 14:15:01**

CSV: BOPGDSPGcUMTsdwTO7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/09/2021 11:16:37
Nº Rexistro: 21275
Data envío: 09/09/2021 11:16:37.496

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias

Ref. mv

En relación coa pregunta con resposta oral -a tramitar polo Pleno- **número 9972,** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Luís Manuel Álvarez Martínez e dona Patricia Otero Rodríguez, sobre **"a valoración pola Xunta de Galicia do desenvolvemento do Plan galego de rehabilitación, alugueiro e mellora do acceso á vivenda 2015 2020, coñecido como Plan RehaVIta"**, (publicada no BOPG número 91, do 10 de febreiro de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2021, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda,** que ten o seguinte contido:

"O Parlamento de Galicia aprobou por unanimidade en Comisión 2ª o pasado 3 de marzo de 2021 a proposición non de lei 9969 na que se establece que '*O Parlamento de Galicia insta ao Goberno galego a presentar ao Parlamento de Galicia, ao remate de 2021, un informe sobre a avaliación do Plan galego de rehabilitación, alugueiro e mellora do acceso á vivenda, coñecido como Plan Rehavita...*'

Os datos a que fai referencia a pregunta estarán contidos en dito informe, que se atopa en elaboración e será presentado ao Parlamento no prazo aprobado."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

*(ASINADO DIXITALMENTE)*

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CSV: BOPGDSPGcUMTsdwTO7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Xacobeo 21·22





DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 09/09/2021 11:16:31

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/09/2021 11:16:37
Nº Rexistro: 21275
Data envio: 09/09/2021 11:16:37.496

**Asinado dixitalmente por:**

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 09/09/2021 11:16:31**

CSV: BOPGDSPGcUMTsdwTO7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 9978**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Paloma Castro Rey, e don Pablo Arangüena Fernández, sobre **"a elaboración pola Xunta de Galicia, en coordinación cos diferentes colexios de avogados do territorio, dun protocolo de saúde e prevención de riscos laborais para que os letrados e as letradas da quenda de oficio poidan prestar a súa función en condicións seguras para a saúde"**, (publicada no BOPG número 91 do 10 de febreiro de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo 2021), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Vicepresidencia Primera e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo,** que ten o seguinte contido:

**"**En primeiro lugar salientar que existen normas sanitarias no uso dos edificios xudiciais acordadas durante a pandemia polo Tribunal Superior de Xustiza, dirixidas non só aos traballadores xudiciais, senón tamén para a cidadanía e mais os profesionais que acoden aos órganos xudiciais, incluídos os avogados, para o desenvolvemento das actuacións en condicións de seguridade e evitar situacións de contaxio, e sen prexuízo das normas xerais sanitarias de obrigado cumprimento xeral.

Neste eido, desde o inicio da crise sanitaria da COVID, o Tribunal Superior de Xustiza tamén impulsou a creación dun foro para a xestión dos efectos da COVID na actividade xudicial, que é a Comisión de seguimento executiva da crise sanitaria pola COVID-19 do Tribunal Superior de Xustiza, do cal forman parte, ademais das autoridades xudiciais, fiscais e da Consellería de Sanidade e de Xustiza, tamén representantes dos avogados, procuradores e graduados sociais, en cuxo marco adoptáronse as medidas necesarias para a protección das persoas e mesmo na recente sesión do mes de xuño informouse da vixencia dos protocolos do TSXG aplicables ao efecto.

CSV: BOPGDSPGcUMTsdwTO7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Xacobeo 21·22



DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 03/09/2021 12:25:25

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias

Por outra banda, en relación coas actuacións para garantir a protección e prevencións de riscos laborais, cómpre indicar que na Conferencia Sectorial de Xustiza que tivo lugar o pasado 25 de xuño, no marco da co-gobernanza que en materia de Xustiza está a guiar distintas accións das Administracións instrumentais, abordouse revitalizar e actualizar os respectivos Plans de prevención dentro do contexto compartido denominado "Esquema de Seguridade Laboral na Administración de Xustiza", para a aplicación máis eficiente de todas as actividades preventivas de cara á minoración dos riscos laborais.

A tal fin, créase un grupo de traballo para a elaboración dun documento coordinado cos plans de prevencións existentes, co obxectivo de acometer a elaboración dun esquema que sirva de futuro, que todos os operadores coñezan (xuíces, fiscais, funcionarios, etc.) e asuman a súa responsabilidade dentro da actividade ordinaria da Administración de Xustiza, configurado como resultado dun contexto de traballo compartido da Conferencia Sectorial**".**

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CSV: BOPGDSPGcUMTsdwTO7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/09/2021 12:25:30
Nº Rexistro: 20999
Data envío: 03/09/2021 12:25:30.658

**Asinado dixitalmente por:**

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 03/09/2021 12:25:25**

CSV: BOPGDSPGcUMTsdwTO7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/09/2021 17:02:19
Nº Rexistro: 21081
Data envío: 06/09/2021 17:02:19.889

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Ref. mv

En relación coa pregunta con resposta oral -a tramitar polo Pleno- **número 10084,** formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Manuel Lourenzo Sobral, e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"o plan de ensino virtual da Xunta de Galicia na terceira onda da pandemia"**, (publicada no BOPG número 91 do 10 de febreiro de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2021, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Cultura, Educación e Universidade,** que ten o seguinte contido:

"A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida ao Parlamento de Galicia en resposta por escrito á pregunta con número 10081 e publicada no BOPG número 124, de data 15/04/2021, á que nos remitimos."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
*(ASINADO DIXITALMENTE)*

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CSV: BOPGDSPGcUMTsdwTO7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Xacobeo 21·22



DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 06/09/2021 17:02:16

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/09/2021 17:02:19
Nº Rexistro: 21081
Data envio: 06/09/2021 17:02:19.889

**Asinado dixitalmente por:**

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 06/09/2021 17:02:16**

CSV: BOPGDSPGcUMTsdwTO7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 10187**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Rosana Pérez Fernández e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"a actuación levada a cabo polo Goberno galego, a empresa responsable do buque e o Goberno central en relación coa situación da tripulación do arrastreiro galego Venturer, con base no porto de Vigo, afectada pola covid-19 e retida en Salvador de Bahía"**, (publicada no BOPG número 96 do 17 de febreiro de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2021, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

**"**O contido da resposta da Xunta de Galicia a esta pregunta xa foi tratado polo Goberno no seo da Comisión 8ª de Pesca e Marisqueo, celebrada o 2 de marzo de 2021, no debate da iniciativa con número de rexistro, 10186, presentada polo mesmo grupo parlamentario.

O vídeo da sesión pode consultarse no seguinte enlace:

http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/comision-8-pesca-marisqueo-2021-03-02?part=e0646733-a03a-41ff-b95f-e06c187b81cb&start=1411

Na devandita sesión, o Goberno informou sobre as preguntas plantexadas nesta iniciativa referidas á xestión do Goberno galego en relación coa situación da tripulación do buque arrastreiro galego 'Venturer', con base no porto de Vigo, afectada pola covid-19 e retida en Salvador de Bahía**"**.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CSV: BOPGDSPGcUMTsdwTO7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Xacobeo 21·22

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/09/2021 12:58:42
Nº Rexistro: 21386
Data envio: 10/09/2021 12:58:42.917

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 10/09/2021 12:58:39

CSV: BOPGDSPGcUMTsdwTO7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/09/2021 11:14:26
Nº Rexistro: 21272
Data envío: 09/09/2021 11:14:26.434

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias

Ref. mv

En relación coa pregunta con resposta oral -a tramitar polo Pleno- **número 10197,** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Julio Torrado Quintela, e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"a garantía por parte do Goberno galego da transparencia e da xustificación debida na execución de todas as actuacións e investimentos anunciados no campo municipal de fútbol de Moraña"**, (publicada no BOPG número 96, do 17 de febreiro de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2021, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda,** que ten o seguinte contido:

"O compromiso da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda con esta actuación ascende a un total de 359.810 euros. Tramitouse un novo expediente de contratación para volver licitar este contrato, que xa foi adxudicado."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
*(ASINADO DIXITALMENTE)*

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CSV: BOPGDSPGcUMTsdwTO7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Xacobeo 21·22





DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 09/09/2021 11:14:11

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/09/2021 11:14:26
Nº Rexistro: 21272
Data envio: 09/09/2021 11:14:26.434

**Asinado dixitalmente por:**

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 09/09/2021 11:14:11**

CSV: BOPGDSPGcUMTsdwTO7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/09/2021 12:34:09
Nº Rexistro: 21221
Data envío: 08/09/2021 12:34:09.753

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Ref. mv

En relación coa pregunta con resposta oral -a tramitar polo Pleno- **número 10308,** formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Alexandra Fernández Gómez e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"a avaliación que fai o Goberno galego dos resultados do desenvolvemento do Plan galego de rehabilitación, alugueiro e mellora do acceso á vivenda 2015-2020, ou Plan RehaVita"**, (publicada no BOPG número 96, do 17 de febreiro de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2021, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda,** que ten o seguinte contido:

"O Parlamento de Galicia aprobou por unanimidade en Comisión 2ª o pasado 3 de marzo de 2021 a proposición non de lei 9969 na que se establece que '*O Parlamento de Galicia insta ao Goberno galego a presentar ao Parlamento de Galicia, ao remate de 2021, un informe sobre a avaliación do Plan galego de rehabilitación, alugueiro e mellora do acceso á vivenda, coñecido como Plan Rehavita...*'

Os datos a que fai referencia a pregunta estarán contidos en dito informe, que se atopa en elaboración e será presentado ao Parlamento no prazo aprobado."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

*(ASINADO DIXITALMENTE)*

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CSV: BOPGDSPGcUMTsdwTO7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Xacobeo 21·22





DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 08/09/2021 12:34:05

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/09/2021 12:34:09
Nº Rexistro: 21221
Data envio: 08/09/2021 12:34:09.753

**Asinado dixitalmente por:**

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 08/09/2021 12:34:05**

CSV: BOPGDSPGcUMTsdwTO7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias

Ref. mv

En relación coa pregunta con resposta oral -a tramitar polo Pleno- **número 10309,** formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Alexandra Fernández Gómez e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"a valoración que fai o Goberno galego do grao de execución real de cada un dos eixos de actuación reflectidos no Plan galego de rehabilitación, alugueiro e mellora do acceso á vivenda 2015-2020, ou Plan RehaVita"**, (publicada no BOPG número 96, do 17 de febreiro de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2021, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda,** que ten o seguinte contido:

"O Parlamento de Galicia aprobou por unanimidade en Comisión 2ª o pasado 3 de marzo de 2021 a proposición non de lei 9969 na que se establece que '*O Parlamento de Galicia insta ao Goberno galego a presentar ao Parlamento de Galicia, ao remate de 2021, un informe sobre a avaliación do Plan galego de rehabilitación, alugueiro e mellora do acceso á vivenda, coñecido como Plan Rehavita...*'

Os datos a que fai referencia a pregunta estarán contidos en dito informe, que se atopa en elaboración e será presentado ao Parlamento no prazo aprobado."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

*(ASINADO DIXITALMENTE)*

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CSV: BOPGDSPGcUMTsdwTO7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Xacobeo 21·22

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/09/2021 12:34:01
Nº Rexistro: 21220
Data envio: 08/09/2021 12:34:01.143

**Asinado dixitalmente por:**

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 08/09/2021 12:33:57**

CSV: BOPGDSPGcUMTsdwTO7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/09/2021 12:33:53
Nº Rexistro: 21219
Data envío: 08/09/2021 12:33:53.268

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias

Ref. mv

En relación coa pregunta con resposta oral -a tramitar polo Pleno- **número 10310,** formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Alexandra Fernández Gómez e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"as intencións do Goberno galego referidas á elaboración dalgún documento de avaliación e de rendición de contas respecto do desenvolvemento do Plan galego de rehabilitación, alugueiro e mellora do acceso á vivenda 2015-2020, ou Plan RehaVita"**, (publicada no BOPG número 96, do 17 de febreiro de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2021, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda,** que ten o seguinte contido:

"O Parlamento de Galicia aprobou por unanimidade en Comisión 2ª o pasado 3 de marzo de 2021 a proposición non de lei 9969 na que se establece que '*O Parlamento de Galicia insta ao Goberno galego a presentar ao Parlamento de Galicia, ao remate de 2021, un informe sobre a avaliación do Plan galego de rehabilitación, alugueiro e mellora do acceso á vivenda, coñecido como Plan Rehavita...*'

Os datos a que fai referencia a pregunta estarán contidos en dito informe, que se atopa en elaboración e será presentado ao Parlamento no prazo aprobado."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
*(ASINADO DIXITALMENTE)*

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CSV: BOPGDSPGcUMTsdwTO7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Xacobeo 21·22



DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 08/09/2021 12:33:49

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/09/2021 12:33:53
Nº Rexistro: 21219
Data envio: 08/09/2021 12:33:53.268

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 08/09/2021 12:33:49

CSV: BOPGDSPGcUMTsdwTO7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/09/2021 13:21:49
Nº Rexistro: 20914
Data envío: 02/09/2021 13:21:49.377

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 10323**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Noa Susana Díaz Varela, deputadas e deputado, e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **" a valoración que fai o Goberno galego da carencia dunha residencia para persoas maiores na comarca do Sar"**, (publicada no BOPG número 96 do 17 de febreiro de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo 2021), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social,** que ten o seguinte contido:

**"**A Xunta de Galicia asinou un convenio co Concello de Padrón o pasado 26 de outubro de 2020 para financiar con 18.000 euros a redacción do proxecto da futura residencia de maiores. Trátase dun acordo que permitirá poñer en marcha un recurso moi necesario na comarca.

O convenio establece que, unha vez redactado e aprobado o proxecto polo Concello, formalizarase un novo convenio no que se establecerán as condicións do financiamento para a construción da residencia.

O Concello comprométese á xestión do centro, en calquera das modalidades previstas na lexislación vixente e a Xunta de Galicia, como non podería ser doutro xeito, respecta a autonomía local.

A colaboración entre a Administración autonómica e a corporación municipal de Padrón permite seguir incrementando as prestacións ás súas veciñas e veciños. Neste sentido, este servizo sumarase a outras prestacións como o Servizo de Axuda no Fogar, o Xantar na Casa ou a Teleasistencia, que permiten que as persoas maiores poidan seguir vivindo nas súas casas**".**

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CSV: BOPGDSPGcUMTsdwTO7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Xacobeo 21·22





DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 02/09/2021 13:21:45

**Asinado dixitalmente por:**

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 02/09/2021 13:21:45**

CSV: BOPGDSPGcUMTsdwTO7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/09/2021 12:03:58
Nº Rexistro: 21126
Data envío: 07/09/2021 12:03:58.503

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Ref. mv

En relación coa pregunta con resposta oral -a tramitar polo Pleno- **número 10339,** formulada polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a iniciativa de don Ovidio Rodeiro Tato e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"as liñas básicas que deben seguir os profesionais de atención á diversidade que están a prestar apoio nos centros escolares"**, (publicada no BOPG número 96 do 17 de febreiro de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2021, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Cultura, Educación e Universidade,** que ten o seguinte contido:

"A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida ao Parlamento de Galicia en resposta oral á pregunta con número 10340 e debatida na Comisión 4ª de data 07/05/2021; á que nos remitimos porque serviu para explicar varias cuestións relacionadas coa atención á diversidade nos centros educativos galegos e os traballos que está a desenvolver a Administración educativa galega.

O debate pode consultarse a través da Mediateca do Parlamento de Galicia a través do seguinte enlace:

http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/comision-4-educacion-cultura-2021-05-07."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
*(ASINADO DIXITALMENTE)*

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CSV: BOPGDSPGcUMTsdwTO7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Xacobeo 21·22





DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 07/09/2021 12:03:55

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/09/2021 12:03:58
Nº Rexistro: 21126
Data envio: 07/09/2021 12:03:58.503

**Asinado dixitalmente por:**

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 07/09/2021 12:03:55**

CSV: BOPGDSPGcUMTsdwTO7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/09/2021 13:18:42
Nº Rexistro: 21393
Data envío: 10/09/2021 13:18:42.996

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 10350**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Rosana Pérez Fernández e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"as actuacións previstas polo Goberno galego para afrontar a mortaldade de mariscos e a previsible perda de ingresos do sector marisqueiro a consecuencia do exceso de auga doce nas rías de Arousa e Pontevedra despois dos últimos temporais"**, (publicada no BOPG número 96 do 17 de febreiro de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2021, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

**"**O contido da resposta da Xunta de Galicia a esta pregunta xa foi tratado polo Goberno no seo da Comisión 8ª de Pesca e Marisqueo, celebrada o 2 de marzo de 2021, no debate da iniciativa con número de rexistro, 10347, presentada polo mesmo grupo parlamentario.

O vídeo da sesión pode consultarse no seguinte enlace:

http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/comision-8-pesca-marisqueo-2021-03-02?part=e0646733-a03a-41ff-b95f-e06c187b81cb&start=3460

Na devandita sesión, o Goberno informou sobre as preguntas plantexadas nesta iniciativa referidas ás medidas adoptadas e previstas polo Goberno galego para afrontar a mortandade de moluscos nas rías de Arousa, Pontevedra e Vigo a consecuencia do exceso de auga doce e da baixa salinidade despois dos temporais de febreiro**"**.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CSV: BOPGDSPGcUMTsdwTO7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Xacobeo 21·22



DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 10/09/2021 13:18:39

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/09/2021 13:18:42
Nº Rexistro: 21393
Data envio: 10/09/2021 13:18:42.996

**Asinado dixitalmente por:**

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 10/09/2021 13:18:39**

CSV: BOPGDSPGcUMTsdwTO7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/09/2021 12:25:20
Nº Rexistro: 20998
Data envío: 03/09/2021 12:25:20.627

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 10367**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Leticia Gallego Sanromán e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"as previsións da Consellería do Mar respecto da construción, no primeiro semestre de 2021, da vía de acceso sur ao porto da Guarda"**, (publicada no BOPG número 96 do 17 de febreiro de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2021, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

**"**O contido da resposta da Xunta de Galicia a esta pregunta xa foi tratado polo Goberno no seo da Comisión 8ª de Pesca e Marisqueo, celebrada o 16 de marzo de 2021, no debate da iniciativa con número de rexistro, 10368, presentada polo mesmo grupo parlamentario.

O vídeo da sesión pode consultarse no seguinte enlace:

http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/comision-2021-03-16?part=f64a28ed-64f5-4862-8df6-10da66be0103&start=82

Na devandita sesión, o Goberno informou sobre as preguntas plantexadas nesta iniciativa referidas ao vial de acceso sur ao porto da Guarda**".**

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CSV: BOPGDSPGcUMTsdwTO7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Xacobeo 21·22





DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 03/09/2021 12:25:17

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/09/2021 12:25:20
Nº Rexistro: 20998
Data envio: 03/09/2021 12:25:20.627

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 03/09/2021 12:25:17

CSV: BOPGDSPGcUMTsdwTO7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 10636**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Marina Ortega Otero e don Julio Torrado Quintela, sobre **"o número de expedientes afectados polo atraso nos pagos das libranzas de dependencia en cada provincia"** (publicada no BOPG número 96 do 17 de febreiro de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo 2021), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social,** que ten o seguinte contido:

"Este ano o Goberno galego destina 400 millóns de euros para atender ás persoas en situación de dependencia, dos que un 76% proceden das arcas autonómicas e un 24% do Estado.

Pese a que o Goberno central está a incumprir sistematicamente a súa responsabilidade no financiamento da atención ás persoas en situación de dependencia, a Xunta de Galicia apostou por incrementar as coberturas establecendo un nivel de protección adicional con cargo aos orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia.

Respecto do mencionado atraso no pago dos bonos de coidados na contorna familiar, informamos que non se teñen detectado atrasos excesivos no pago destes bonos correspondentes ao mes de xaneiro de 2021 e a situación se corresponde co funcionamento normal asociado ao cambio de exercicio contable.

Se ben sucederon unha serie de acontecementos puntuais que puideron influír nalgunha medida nos tempos de tramitación e pago. Por unha banda, a tramitación do pago das prórrogas e imputacións se iniciou dende unha nova dirección xeral, o que esixiu realizar as adaptacións necesarias na documentación e aplicacións informáticas. A tramitación coincidiu, ademais, coa tramitación e aprobación dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2021 que incorpora como mellora a desagregación das partidas asociadas aos bonos para persoas en situación de dependencia en subconceptos contables,

CSV: BOPGDSPGcUMTSdwTO7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Xacobeo 21·22

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias

o que permite un mellor seguimento e control da tramitación e pagos, e se acometeu a adaptación do sistema informático para tal fin.

En todo caso compre ter en conta que segundo o disposto no Artigo 13 do Real Decreto 2188/1995, de 28 de decembro, polo que se desenvolve o réxime de control interno exercido pola Intervención Xeral da Administración do Estado, as Intervencións territoriais dispoñen dun prazo de 10 días para fiscalizar os expedientes de pago. Polo que o pago destas axudas pode efectuarse uns días despois, o que entraría dentro do funcionamento normal da administración**".**

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CSV: BOPGDSPGcUMTsdwTO7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Xacobeo 21·22

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/09/2021 12:24:39
Nº Rexistro: 21362
Data envio: 10/09/2021 12:24:39.152

**Asinado dixitalmente por:**

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 10/09/2021 12:24:35**

CSV: BOPGDSPGcUMTsdwTO7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/09/2021 12:33:33
Nº Rexistro: 21217
Data envío: 08/09/2021 12:33:33.847

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 10758**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Ramón Fernández Alfonzo, e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"as condicións de traballo do persoal na residencia Domus Vi de Laraxe, na comarca de Ferrol"**, (publicada no BOPG número 96 do 17 de febreiro de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo 2021), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social,** que ten o seguinte contido:

**"**Os incumprimentos en materia laboral son competencia da Inspección de Traballo dependente do Ministerio de Traballo e Economía Social e polo tanto a Consellería de Política Social non ten competencias de inspección ao respecto. Tendo en conta isto, no caso de recibir nesta consellería algunha reclamación sobre esta materia se procedería a dar

En relación ao número de expedientes, sinalar esta información foi facilitada aos deputados e deputadas do Grupo Parlamentario do BNG. En concreto, acudiron presencialmente o 1 de marzo de 2021 a deputada Olalla Rodil Fernández e o deputado Iago Tabarés Pérez-Piñeiro ás dependencias da Xunta de Galicia para analizar a documentación ao respecto.

A Inspección de Traballo do Ministerio de Traballo e Economía Social non comunicou á Consellería de Política Social a existencia de procedementos contra o centro de traballo de DomusVi en Laraxe.

CSV: BOPGDSPGcUMTsdwTO7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Xacobeo 21·22





DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 08/09/2021 12:33:30

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/09/2021 12:33:33
Nº Rexistro: 21217
Data envio: 08/09/2021 12:33:33.847

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias

A Consellería de Política Social non ten competencias de inspección ao respecto, polo tanto non procede emitir xuízos de valor sobre asuntos da competencia doutra administración pública, neste caso do Ministerio de Traballo e Economía Social**".**

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CSV: BOPGDSPGcUMTSdwTO7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Xacobeo 21·22

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/09/2021 12:33:33
Nº Rexistro: 21217
Data envio: 08/09/2021 12:33:33.847

**Asinado dixitalmente por:**

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 08/09/2021 12:33:30**

CSV: BOPGDSPGcUMTsdwTO7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número: 10864**, formulada polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a iniciativa de dona Teresa Egerique Mosquera e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"o orzamento destinado para o ano 2020 e o número de axudas concedidas ás persoas armadoras de buques pesqueiros conxeladores do censo unificado de palangre de superficie con porto base en Galicia para paliar as dificultades de comercialización ocasionadas como consecuencia da pandemia da covid-19"**, (publicada no BOPG número 101 do 24 de febreiro de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2021, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

**"**O contido da resposta da Xunta de Galicia a esta pregunta xa foi tratado polo Goberno no seo da Comisión 8ª de Pesca e Marisqueo, celebrada o 1 de junio de 2021, no debate da iniciativa con número de rexistro, 10863, presentada polo mesmo grupo parlamentario. O vídeo da sesión pode consultarse no seguinte enlace:

http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/comision-8-pesca-marisqueo-2021-06-01?part=0f08355d-b8cd-41dc-9568-be38891f14f8&start=1290

Na devandita sesión, o Goberno informou sobre a pregunta plantexada nesta iniciativa referida ao orzamento destinado e axudas concedidas ás persoas armadoras de buques pesqueiros conxeladores do censo unificado de palangre de superficie con porto base en Galicia para paliar as dificultades de comercialización ocasionadas como consecuencia da pandemia provocada pola Covid 19 para o ano 2020**"**.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CSV: BOPGDSPGcUMTsdwTO7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Xacobeo 21·22

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/09/2021 10:50:45
Nº Rexistro: 21458
Data envio: 13/09/2021 10:50:45.752

**Asinado dixitalmente por:**

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 13/09/2021 10:50:42**

CSV: BOPGDSPGcUMTsdwTO7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/09/2021 10:50:37
Nº Rexistro: 21457
Data envio: 13/09/2021 10:50:37.939

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número: 10954**, formulada polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a iniciativa de dona Teresa Egerique Mosquera e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"a contribución que supón o contido do Atlas da frota de baixura do litoral de Galicia 2000-2018"**, (publicada no BOPG número 101 do 24 de febreiro de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2021, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

**"**O contido da resposta da Xunta de Galicia a esta pregunta xa foi tratado polo Goberno no seo da Comisión 8ª de Pesca e Marisqueo, celebrada o 5 de maio de 2021, no debate da iniciativa con número de rexistro, 10953, presentada polo mesmo grupo parlamentario.

O vídeo da sesión pode consultarse no seguinte enlace:

http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/comision-2021-05-05?part=6d808c34-e7c6-48ef-b4e0-727ec9ebc6ec&start=1582

Na devandita sesión, o Goberno informou sobre a pregunta plantexada nesta iniciativa referida á contribución do Atlas da frota de baixura do litoral de Galicia (2000-2018)**"**.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CSV: BOPGDSPGcUMTSdwTO7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Xacobeo 21·22

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/09/2021 10:50:37
Nº Rexistro: 21457
Data envio: 13/09/2021 10:50:37.939

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 13/09/2021 10:50:20

CSV: BOPGDSPGcUMTsdwTO7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número: 10958**, formulada polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a iniciativa de dona Teresa Egerique Mosquera e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"o orzamento destinado no ano 2021 ás axudas, aprobadas pola Consellería do Mar, para proxectos de desenvolvemento local participativo dirixidas aos grupos de acción local do sector pesqueiro para o desenvolvemento sustentable das zonas de pesca"**, (publicada no BOPG número 101 do 24 de febreiro de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2021, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

**"**O contido da resposta da Xunta de Galicia a esta pregunta xa foi tratado polo Goberno no seo da Comisión 8ª de Pesca e Marisqueo, celebrada o 17 de xuño de 2021, no debate da iniciativa con número de rexistro, 10957, presentada polo mesmo grupo parlamentario.

O vídeo da sesión pode consultarse no seguinte enlace:

http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/comision-2021-06-17?part=a5f1d856-3d38-4a4a-88d4-183f83662414&start=170

Na devandita sesión, o Goberno informou sobre a pregunta plantexada nesta iniciativa referida ao orzamento destinado en 2021 a axudas para proxectos ao abeiro das estratexias de desenvolvemento local participativo (EDLP) aprobadas para os grupos de acción local do sector Pesqueiro (GALP)**"**.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CSV: BOPGDSPGcUMTsdwTO7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Xacobeo 21·22

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/09/2021 10:50:15
Nº Rexistro: 21456
Data envío: 13/09/2021 10:50:15.861

**Asinado dixitalmente por:**

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 13/09/2021 10:50:12**

CSV: BOPGDSPGcUMTsdwTO7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/09/2021 10:49:49
Nº Rexistro: 21453
Data envío: 13/09/2021 10:49:49.658

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número: 11322**, formulada polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a iniciativa de dona Teresa Egerique Mosquera e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"as demandas formuladas polo Goberno galego na negociación das cotas definitivas de pesca para o ano 2021 en augas do Gran Sol"**, (publicada no BOPG número 101 do 24 de febreiro de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2021, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

**"**O contido da resposta da Xunta de Galicia a esta pregunta xa foi tratado polo Goberno no seo da Comisión 8ª de Pesca e Marisqueo, celebrada o 16 de marzo de 2021, no debate da iniciativa con número de rexistro, 11321, presentada polo mesmo grupo parlamentario.

O vídeo da sesión pode consultarse no seguinte enlace:

http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/comision-2021-03-16?part=f64a28ed-64f5-4862-8df6-10da66be0103&start=1311

Na devandita sesión, o Goberno informou sobre a pregunta plantexada nesta iniciativa referida ás demandas do Goberno galego nas negociación das cotas definitivas para 2021 en augas de Gran Sol**"**.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CSV: BOPGDSPGcUMTsdwTO7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Xacobeo 21·22



DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 13/09/2021 10:49:46

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/09/2021 10:49:49
Nº Rexistro: 21453
Data envio: 13/09/2021 10:49:49.658

**Asinado dixitalmente por:**

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 13/09/2021 10:49:46**

CSV: BOPGDSPGcUMTsdwTO7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/09/2021 10:49:24
Nº Rexistro: 21450
Data envío: 13/09/2021 10:49:24.830

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 11570**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Rosana Pérez Fernández e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"as intencións do Goberno galego en rela ción co establecemento dos protocolos de vacinación contra a covid-19 aos traballadores do mar e de actuación nos casos de positivos en ruta"**, (publicada no BOPG número 105 do 3 de marzo de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2021, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

**"**O contido da resposta da Xunta de Galicia a esta pregunta xa foi tratado polo Goberno no seo da Comisión 8ª de Pesca e Marisqueo, celebrada o 2 de marzo de 2021, no debate da iniciativa con número de rexistro, 10186, presentada polo mesmo grupo parlamentario.

O vídeo da sesión pode consultarse no seguinte enlace:

http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/comision-8-pesca-marisqueo-2021-03-02?part=e0646733-a03a-41ff-b95f-e06c187b81cb&start=1411

Na devandita sesión, o Goberno informou sobre as preguntas plantexadas nesta iniciativa referidas á xestión do Goberno galego en relación coa situación da tripulación do buque arrastreiro galego 'Venturer', con base no porto de Vigo, afectada pola covid-19 e retida en Salvador de Bahía**"**.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CSV: BOPGDSPGcUMTsdwTO7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Xacobeo 21·22



DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 13/09/2021 10:49:21

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/09/2021 10:49:24
Nº Rexistro: 21450
Data envio: 13/09/2021 10:49:24.830

**Asinado dixitalmente por:**

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 13/09/2021 10:49:21**

CSV: BOPGDSPGcUMTsdwTO7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/09/2021 10:49:00
Nº Rexistro: 21448
Data envío: 13/09/2021 10:49:00.408

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias

Data 13/09/2021 10:48

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 11747**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Luís Bará Torres e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"as previsións do Goberno galego para impulsar as mariñas tradicionais e facilitar o labor das asociacións que conforman a Federación Culturmar"**, (publicada no BOPG número 105 do 3 de marzo de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2021, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

**"**O contido da resposta da Xunta de Galicia a esta pregunta xa foi tratado polo Goberno no seo da Comisión 8ª de Pesca e Marisqueo, celebrada o 6 de xullo de 2021, no debate da iniciativa con número de rexistro, 11744, presentada polo mesmo grupo parlamentario.

O vídeo da sesión pode consultarse no seguinte enlace:

http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/comision-8-pesca-marisqueo-2021-07-06?part=200028d9-0892-4f43-9515-960035e945a9&start=1417

Na devandita sesión, o Goberno informou sobre a pregunta plantexada nesta iniciativa referida ao Club Mariño A Reiboa**"**.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CSV: BOPGDSPGcUMTSdwTO7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Xacobeo 21·22





DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 13/09/2021 10:48:57

**Asinado dixitalmente por:**

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 13/09/2021 10:48:57**

CSV: BOPGDSPGcUMTsdwTO7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/09/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 21178
Data envio: 07/09/2021 14:49:05.076
Data 07/09/2021 14:48

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 11771,** formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Xosé Luís Bará Torrres, e don Paulo Rios Santomé, sobre **"as previsións do Goberno galego respecto da licitación no ano 2021 do contrato de servizos para a elaboración dun estudo e dun anteproxecto de lei para a creación do ente ferroviario galego"**, (publicada no BOPG número 105 do 3 de marzo de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2021, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade** que ten o seguinte contido:

A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida a través da resposta á pregunta escrita número 11769, de similar contido e formulada polo mesmo grupo parlamentario, cuxa resposta foi publicada no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia (BOPG) número 182, do 6 de agosto de 2021, á que nos remitimos.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(*ASINADO DIXITALMENTE)*

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CSV: BOPGDSPGcUMTsdwTO7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/



X21 22



DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 07/09/2021 14:48:59

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/09/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 21178
Data envio: 07/09/2021 14:49:05.076

**Asinado dixitalmente por:**

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 07/09/2021 14:48:59**

CSV: BOPGDSPGcUMTsdwTO7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/09/2021 13:21:40
Nº Rexistro: 20912
Data envío: 02/09/2021 13:21:40.534

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 11916**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Ana Pontón Mondelo e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"a garantía pola Xunta de Galicia do bo estado das instalacións de Ence en Lourizán e da ausencia de riscos para as persoas e o ambiente"**, (publicada no BOPG número 105 do 3 de marzo de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2021, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

**"**Esta mesma cuestión foi contestada na sesión da Comisión 2ª do pasado 16 de marzo de 2021 pola secretaria xeral técnica da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, en resposta á pregunta oral 11914.

Na súa intervención, a secretaria xeral técnica explicou os controis realizados pola Xunta de Galicia ao abeiro da Autorización Ambiental Integrada (AAI) de dita industria.

Enlace ao vídeo da Comisión 2ª celebrada o pasado 16 de marzo de 2021:

http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/comision-2021-03-16--1?part=01650490-f30c-41cf-ad31-329c60b0e87c&start=1774 **"**.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CSV: BOPGDSPGcUMTsdwTO7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Xacobeo 21·22



DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 02/09/2021 13:21:37

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/09/2021 13:21:40
Nº Rexistro: 20912
Data envio: 02/09/2021 13:21:40.534

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 02/09/2021 13:21:37

CSV: BOPGDSPGcUMTsdwTO7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/09/2021 10:48:52
Nº Rexistro: 21447
Data envío: 13/09/2021 10:48:52.080

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número: 12048**, formulada polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a iniciativa de dona Teresa Egerique Mosquera e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"a opinión do Goberno galego respecto do Informe da Comisión de Pesca do Parlamento Europeo sobre o impacto na pesca do lixo mariño e sobre as emendas que se lle presentaron"**, (publicada no BOPG número 109 do 11 de marzo de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2021, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

**"**O contido da resposta da Xunta de Galicia a esta pregunta xa foi tratado polo Goberno no seo da Comisión 8ª de Pesca e Marisqueo, celebrada o 6 de abril de 2021, no debate da iniciativa con número de rexistro, 12407, presentada polo mesmo grupo parlamentario.

O vídeo da sesión pode consultarse no seguinte enlace:

http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/comision-8-pesca-marisqueo-2021-04-06?part=b6cc8666-4f6c-430a-92d6-0a4aa1acc54a&start=50

Na devandita sesión, o Goberno informou sobre a pregunta plantexada nesta iniciativa referida á opinión do Goberno galego ao Informe sobre o impacto na pesca do lixo mariño da Comisión de Pesca do Parlamento Europeo e das emendas presentadas ao mesmo**"**.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CSV: BOPGDSPGcUMTsdwTO7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Xacobeo 21·22



76543
DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 13/09/2021 10:48:48

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/09/2021 10:48:52
Nº Rexistro: 21447
Data envío: 13/09/2021 10:48:52.080

**Asinado dixitalmente por:**

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 13/09/2021 10:48:48**

CSV: BOPGDSPGcUMTsdwTO7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

# ESTRUTURA DO BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

## 1. PROCEDEMENTOS PARLAMENTARIOS

### 1.1. PROCEDEMENTOS DE NATUREZA NORMATIVA

1.1.1. NORMAS APROBADAS

1.1.2. PROPOSTAS DE NORMAS

### 1.2. PROCEDEMENTOS ESPECIAIS DE CARÁCTER INSTITUCIONAL

1.2.1. INVESTIDURA

1.2.2. MOCIÓN DE CENSURA

1.2.3. CUESTIÓN DE CONFIANZA

### 1.3. PROCEDEMENTOS DE CONTROL E IMPULSO

1.3.1. CONTROL SOBRE AS DISPOSICIÓNS DA XUNTA CON FORZA DE LEI

1.3.2. COMUNICACIÓNS DA XUNTA DE GALICIA

1.3.3. EXAME DE PROGRAMAS E PLANS

1.3.4. ACORDOS, RESOLUCIÓNS OU PROPOSTAS DE COMISIÓNS ESPECIAIS OU DE INVESTIGACIÓN

1.3.5. MOCIÓNS

1.3.6. PROPOSICIÓNS NON DE LEI

1.3.7. OUTRAS PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN E ACORDOS

1.3.8. PROCEDEMENTOS DE CONTROL ECONÓMICO E ORZAMENTARIO

### 1.4. PROCEDEMENTOS DE INFORMACIÓN

1.4.1. INFORMACIÓNS REMITIDAS POLA XUNTA DE GALICIA

1.4.2. SOLICITUDES DE COMPARECENCIA

1.4.3. INTERPELACIÓNS

1.4.4. PREGUNTAS

1.4.5. RESPOSTAS A PREGUNTAS

1.4.6. SOLICITUDES DE DATOS, INFORMES E DOCUMENTOS DE DEPUTADOS E DE COMISIÓNS

1.4.7. RECONVERSIÓNS POR FINALIZACIÓN DO PERÍODO DE SESIÓNS

### 1.5. PROCEDEMENTOS RELATIVOS A OUTRAS INSTITUCIÓNS E ÓRGANOS

### 1.6. PROCEDEMENTOS DE ELECCIÓN, DESIGNACIÓN E PROPOSTA DE NOMEAMENTO

### 1.7. PROCEDEMENTOS RELATIVOS AO DEREITO DE PETICIÓN

## 2. ELECCIÓN E COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO, RÉXIME E GOBERNO INTERIOR, ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO

### 2.1. ELECCIÓN DO PARLAMENTO

### 2.2. COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO E DOS SEUS ÓRGANOS

### 2.3. RÉXIME E GOBERNO INTERIOR

### 2.4. ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO PARLAMENTO

## 3. ADMINISTRACIÓN DO PARLAMENTO DE GALICIA

## 4. INFORMACIÓNS E CORRECCIÓNS DE ERROS

### 4.1. INFORMACIÓNS

## 4.2. CORRECCIÓNS DE ERROS

CSV: BOPGDSPGcUMTsdwTO7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/